



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DEZASETE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E SEIS (2026)**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás sete horas e un minuto, do día dezasete de abril de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada. Como queda dito, non asiste D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretaria Ana Ramos Ramos

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 20 de marzo de 2026
2. Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 78/2026 relativa á aprobación de conta xustificativa
3. Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 104/2026 relativa á marcos orzamentarios 2026
4. Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 117/2026 relativa á revisión anual padrón municipal de habitantes. Cifras poboación 01/01/2026
5. Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 127/2026 relativa á solicitude Plan Concertado 2026
6. Non división en lotes do investimento incluído no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal POS+ 2026
7. Aprobación da emenda solicitude Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2026
8. Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 136/2026 relativa a solicitude actualización do módulo financiamento do servizo de axuda no fogar.
9. Ratificación da resolución da Alcaldía núm. 128/2026 relativa a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital
10. Aprobación inicial do Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal do Concello de Monfero
- 11.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de marzo de 2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

12.- Asuntos urxentes

13.- Rogos e preguntas

## 1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 20 DE MARZO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións da lectura a este punto da orde do día. Como está acordado, a dita acta publicouse con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. O Sr. Alcalde en funcións indica que a vai someter a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor da aprobación todos os asistentes. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a acta da sesión do día 20 de marzo de 2026 é aprobada por **UNANIMIDADE**.

## 2. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 78/2026 RELATIVA Á APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA

O Sr. Alcalde en funcións explica brevemente o contido da resolución da Alcaldía núm. 78/2026 á que se refire este punto da orde do día, que se enviou coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

### “RESOLUCIÓN

#### **ASUNTO: APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA**

**EXPEDIENTE: 2026/G003/000086**

#### **ANTECEDENTES:**

Logo de ver a documentación contida nos expedientes: 2024/A008/000012, 2024/A008/000013, 2024/A008/000021, xustificativa das subvencións da Deputación da Coruña en relación as Actividades de Envellecemento Activo e Actuacións de Loita Contra a Soidade Non Desexada no Ano 2025, Programa de Subvencións a Concellos e Entidades Locais para Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais durante o ano 2025 (FOPPSS/2025) eo POS+Adicional 1/2025 para Gastos Sociais Extraordinarios do exercicio 2025

Vistos os informes dos servizos tramitadores emitidos en data 02/03/2026 en relación cos custos do Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

proxecto.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Avocar a competencia desta Alcaldía delegada na Xunta de Goberno Local, mediante a resolución da alcaldía 265/2023, para a aprobación da conta xustificativa para a xustificacións das subvencións mencionadas.

**SEGUNDO.-** Aprobar a a memoria da alcaldía en funcións de data 23/02/2026, elaborada polo persoal técnico responsable do programa do ano 2025.

**TERCEIRO.-** Declarar que as cantidades aboadas tendo en conta o establecido nos informes do servizo que obran no expediente e que serven de costes que permiten a xustificación do programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais durante o ano 2025 (**FOPPSS/2025**), son as seguintes:



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

XUSTIFICACION SUBVENCIÓNS SERVIZOS SOCIAIS 2025							
PROGRAMA	Plan Concertado 2025	COPAGO 2025	DEPUTACIÓN			ACHEGA CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
			Servizos Sociais. Com. FOPSS	Actividades De Envellecemento Activo 2025	POS+ Ad 1/25 Gasto social		
Traballador Social Salario							30.551,77 €
Traballador Social Seg. Social							9.930,82 €
Mantemento (KM e dietas)							357,52 €
<b>Suma TS Plan Concertado</b>	16.815,00 €					24.025,11 €	<b>40.840,11 €</b>
AUX Adm Reforzos POS GS 6 M Salario					11.376,76 €		11.376,76 €
AUX Adm Reforzos POS GS 6 M Seg. Social					3.743,06 €		3.743,06 €
<b>Total Aux. Adm.</b>					<b>15.119,82 €</b>		<b>15.119,82 €</b>
<b>Axuda no Fogar (Básico)</b>		<b>8.176,10 €</b>	<b>61.225,78 €</b>			31.800,74 €	<b>101.862,58 €</b>
Empresa Ordinarias	22,33 €	3.009,43					67.200,60 €
Pers propio Ordinarias	25,41 €	1.363,84					34.002,02 €
PARTE PROPORCIONAL SOFTWARE SAF					659,96 €		659,96 €
<b>TOTAL HORAS SAF BÁSICO</b>	<b>4.373,27</b>						
<b>Axuda no Fogar (Dependencia)</b>	<b>12,00 €</b>	<b>16.313,61 €</b>	186.211,56 €	<b>34.259,52 €</b>		42.026,35 €	<b>359.106,17 €</b>
Empresa Ordinarias	21,11 €	12.939,97					273.188,64 €
Empresa Extraordinarias	23,19 €	375,40					8.706,28 €
		<b>TOTAL</b>					<b>281.894,92 €</b>
Pers propio	25,75 €	2.998,24					74.749,41 €
PARTE PROPORCIONAL SOFTWARE SAF					2.461,84 €		2.461,84 €
<b>Total Axuda no Fogar (Total)</b>	<b>20.686,88</b>	<b>186.211,56 €</b>	<b>42.435,62 €</b>	<b>61.225,78 €</b>	<b>42.026,35 €</b>	<b>118.857,72 €</b>	<b>450.757,03 €</b>
SOFTWARE SAF					3.121,80 €		
Material auxiliares – guantes						246,01 €	246,01 €
Horas empresa	16.324,80						349.095,52 €
Horas persoal propio	4.362,08						108.997,44 €
Inserción social: AXUDAS AO ESTUDO					2.000,00 €	10.000,00 €	12.000,00 €
Inserción social: EMERXENCIAS SOCIAIS					1.187,59 €		1.187,59 €
Concilia Verán POS + AD 1/25 GASTO SOCIAL					9.023,30 €	12.435,20 €	21.458,50 €
Xantar na Casa						11.456,25 €	11.456,25 €
Envellecemento activo: BALNEARIO				5.983,60 €		5.104,80 €	11.088,40 €
Envellecemento activo: TALLERES DE MEMORIA				1.016,40 €			1.016,40 €
SERVIZO PODOLOXIA					1.500,00 €		1.500,00 €
CAMAS / GRUAS					3.873,22 €		3.873,22 €
<b>TOTAIS</b>	<b>203.026,56 €</b>	<b>42.435,62 €</b>	<b>61.225,78 €</b>	<b>7.000,00 €</b>	<b>73.978,86 €</b>	<b>181.879,08 €</b>	<b>580.755,05 €</b>

GASTO CORRENTE  
INVESTIMENTO  
3.873,22 €



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

DATOS DA CONCESIÓN MÓDULO SAF						
Horas de servizo que constaban na resolución de concesión		5.000				
Importe da achega para o SAF libre concorrencia que figuraba na resolución de concesión		70.000,00 €				
HORAS DE SERVIZO PRESTADAS SAF LIBRE CONCORRENCIA						
Horas prestadas polo persoal propio		1.363,84				
Horas prestadas polo persoal subcontratado		3.009,43				
Total horas de SAF libre concorrencia efectivamente prestadas durante o ano 2025		4.373,27				
Porcentaxe de execución das horas concedidas		87,47%				
Importe concedido corrixido segundo a porcentaxe de execución das horas concedidas		61.225,78 €				
IMPORTES TOTAIS PERSOAL AUXILIAR SAF LIBRE CONCORRENCIA						
Total dos pagamentos e financiamientos do servizo pola totalidade das horas prestadas.						
TIPO DE PERSOAL		Pagamentos efectuados	Achega persoas usuarias	Outras achegas	Achega Deputación a aboar	Achega municipal
PERSOAL PROPIO		34.002,02 €	8.176,10 €		61.225,78 €	31.800,74 €
PERSOAL SUBCONTRATADO	IDADES S.L – B36577542 (67.200,6€)	67.200,60 €				
TOTALIS:		101.202,62 €				

**Os pagamentos efectuados ao PERSOAL PROPIO AUXILIAR do SAF libre concorrencia:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Nome, apelidos e NIF	Natureza da súa vinculación laboral	Tipo de xornada	Pagamentos efectuados (retribucións brutas, seguros sociais e desprazamento)
RAE – ***9724**	Persoal laboral fixo	Completa	2.316,31 €
MABM – ***0948**	Persoal laboral fixo	Completa	5.987,49 €
AGF – ***0362**	Persoal laboral fixo	Completa	1.389,42 €
MGM – ***1108**	Persoal laboral fixo	Completa	8.222,56 €
BMM – ***3829**	Persoal laboral fixo	Completa	8.243,55 €
YRF – ***8287**	Persoal laboral fixo	Completa	7.004,29 €
MJVF – ***4676**	Persoal laboral fixo	Completa	838,40 €
Total pagamentos efectuados PERSOAL PROPIO AUXILIAR SAF libre concorrancia			34.002,02 €



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

CUSTO TOTAL PERSOAL SAF 2025	SALARIO	SEGURIDADE SOCIAL	KM	CUSTO CON KM
****	12.967,10 €	-5.833,49 €	274,82 €	7.408,43 €
****	16.266,71 €	2.042,73 €	840,84 €	19.150,28 €
****	8.907,02 €	-4.463,12 €		4.443,90 €
****	18.058,18 €	5.813,33 €	2.427,36 €	26.298,87 €
****	18.024,58 €	5.806,96 €	2.534,48 €	26.366,02 €
****	16.633,12 €	4.176,26 €	1.593,02 €	22.402,40 €
****	3.324,98 €	-643,45 €		2.681,53 €
<b>TOTAIS</b>	<b>94.181,69 €</b>	<b>6.899,22 €</b>	<b>7.670,52 €</b>	<b>108.751,43 €</b>

### CUSTO PERSOAL E EMPRESA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) 2025

<b>TOTAL HORAS PRESTADAS PERSOAL PROPIO 2025</b>	4.362,08
<b>HORAS LIBRE CONCORRENCIA</b>	1.363,84
<b>HORAS DEPENDENCIA</b>	2.998,24

<b>CUSTO POR MODALIDADE DE ATENCIÓN</b>	<b>CUSTO LIBRE CONCORRENCIA</b>	<b>CUSTO DEPENDENCIA</b>
---	---------------------------------	--------------------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

****	2.316,31 €	5.092,12 €
****	5.987,49 €	13.162,79 €
****	1.389,42 €	3.054,48 €
****	8.222,56 €	18.076,31 €
****	8.243,55 €	18.122,47 €
****	7.004,29 €	15.398,11 €
****	838,40 €	1.843,13 €
<b>TOTAIS</b>	<b>34.002,02 €</b>	<b>74.749,41 €</b>

IDADES S.L - B36577542	DEPENDENCIA	LIBRE CONCORRENCIA	TOTAL
XANEIRO	23.773,50 €	7.201,43 €	30.974,93 €
FEBREIRO	21.976,54 €	7.352,16 €	29.328,70 €
MARZO	22.176,12 €	6.989,29 €	29.165,41 €
ABRIL	23.761,75 €	6.989,29 €	30.751,04 €
MAIO	24.347,66 €	6.512,99 €	30.860,65 €
XUÑO	22.906,37 €	4.970,21 €	27.876,58 €
XULLO	23.970,82 €	4.510,88 €	28.481,70 €
AGOSTO	23.394,07 €	3.546,46 €	26.940,53 €
SETEMBRO	23.410,60 €	5.056,18 €	28.466,78 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

OUTUBRO	24.843,68 €	5.230,81 €	30.074,49 €
NOVEMBRO	23.028,96 €	4.555,32 €	27.584,28 €
DECEMBRO	24.304,85 €	4.285,58 €	28.590,43 €
<b>TOTAIS</b>	<b>281.894,92 €</b>	<b>67.200,60 €</b>	<b>349.095,52 €</b>

TOTAL HORAS PRESTADAS IDADES S.L.	16.324,80
HORAS LIBRE CONCORRENCIA	3.009,43
HORAS DEPENDENCIA	13.315,37

**CUARTO.-** Declarar que os datos recollidos na táboa anterior figuran reflectidos na contabilidade da entidade

**QUINTO.** - Tendo en conta todo o anterior, os gastos xustificativos especificados no apartado anterior correspóndense ao ano 2025

**SEXTO.-** Declarar que a entidade que represento cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención dentro do período xustificable, así como todos os requisitos esixidos como entidade solicitante, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña

**SETIMO.-** Declarar os medios polos que se lle deu difusión á subvención concedida en toda a información (impresa, informática ou audiovisual e tamén na páxina web), achegando unha proba documental ao respecto

**OITAVO.-** Declarar que a entidade que represento utilizou a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que deu lugar toda a actividade subvencionada, e todas aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.

**NOVENO.-** Declarar que a entidade que represento empregou unha linguaxe non sexista e inclusiva; e tratou as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabou datos de



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.

**DÉCIMO.-** Dar conta desta resolución a Xunta de Goberno Local, órgano titular da competencia delegada.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Decreto asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria en réxime de acumulación, dou fe. (Asinado, por esta última, aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

### **3. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 104/2026 RELATIVA Á MARCOS ORZAMENTARIOS 2026**

O Sr. Alcalde en funcións explica brevemente o contido da resolución da Alcaldía núm. 104/2026 a que se refire este punto da orde do día, que se enviou coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

#### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: MARCOS ORZAMENTARIOS 2027-2029**

**EXPEDIENTE: 2026/G003/000100**

#### **ANTECEDENTES:**

O artigo 29 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece a obriga das administracións públicas de elaborar un plan orzamentario a medio prazo que se incluíra no programa de estabilidade e no que se enmarcará a confección dos seus orzamentos anuais. Abarcará un período mínimo de tres anos e a través del garantirase unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e de conformidade coa regra do gasto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

Conterá as proxeccións das principais partidas de ingresos e gastos tendo en conta a súa evolución tendencial, o impacto das medidas previstas para o período considerado, os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos e unha avaliación de como as medidas previstas poden afectar á sustentabilidade a longo prazo das finanzas públicas.

En desenvolvemento deste precepto, o artigo 6 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas en dita lei, determina que: “Antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente subministre o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus orzamentos anuais”.

O MINF, na páxina da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, abriu ata o día 14-03-2026 a aplicación para o envío dos datos correspondentes aos plans orzamentarios a medio prazo 2027-2029 das entidades locais, de acordo coa Orde HAP/2015/2012, en termos de estimacións de dereitos recoñecidos (RDs) e obrigas recoñecidas netas (ADOs) para o exercicio de 2026 e de previsións iniciais (PIs) e créditos iniciais (CIs) para os do 2027 ao 2029, e ademais publicou nela unhas instrucións para a información a comunicar en cumprimento da dita orde sobre os plans orzamentarios, cos requirimentos de información que nelas se establecen e que obriga á adopción de decisións ao respecto.

Nestas instrucións especifícase que para o 2024 reactiváronse as regras fiscais, suspendidas desde o 2020.

O Acordo do Consello de Ministros do 18 de novembro de 2025, que fixa os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para todas as Administracións Públicas e cada un dos seus subsectores para o período 2026-2028 e o límite de gasto non financeiro dos Orzamentos do Estado para 2026, de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, foi rexeitado polo Congreso dos Deputados. Este Acordo para as Entidades Locais fixaba un obxectivo de déficit do 0,0 % do PIB para o trienio cuberto e un obxectivo de débeda pública do 1,3 % para 2026 e 2027 e do 1,2 % para 2028. Tamén establecía a taxa de crecemento de referencia para o Produto Interior Bruto da economía española a medio

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

prazo, limitando a variación do gasto público computable ao 3,5 %, 3,4 % e 3,2 % para 2026, 2027 e 2028, respectivamente.

Tras ser rexeitados polo Congreso dos Deputados e previa consulta aos Servizos Xurídicos do Estado, en virtude dos principios que rexen a aplicación dos regulamentos e actos da Unión Europea, e exercendo a responsabilidade atribuída ao Goberno de España, segundo o previsto no artigo 10 da LOEPSF (Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira), os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda establecidos para o subsector local no vixente Plan Fiscal Estrutural a Medio Prazo do Reino de España 2025-2028 son vinculantes.

Ata a aprobación dos obxectivos, deben considerarse aplicables as disposicións contidas no Plan Fiscal Estrutural a Medio Prazo do Reino de España 2025-2028, avaliado favorablemente pola Comisión Europea o 26 de novembro de 2024 e, posteriormente, o 21 de xaneiro de 2025, polo Consello da Unión Europea que describe a senda cara á estabilidade orzamentaria para o período 2025-2027 para todas as Administracións Públicas (como porcentaxe do PIB), cun déficit proxectado do -2,1 % para 2026 e do -1,8 % para 2027.

Non obstante, dada a situación actual, débese considerar que o Subsector de Administración Local e cada entidade local individual terán que rexistrar un orzamento equilibrado ou un superávit en 2026 e 2027.

En canto á taxa de crecemento do PIB de referencia para os efectos da aplicación da regra de gasto, dado que non se require a súa aprobación polas Cortes Xerais, considérase aplicable a taxa establecida no Acordo do Consello de Ministros do 18 de novembro de 2025. Este acordo fixa unha taxa de referencia do 3,5 %, 3,4 % e 3,2 % para cada un dos anos do período 2026-2028.

En canto aos obxectivos de estabilidade orzamentaria fixados para 2028 e 2029, dado que non se dispón de información e ata que se coñezan estes obxectivos, aplicaranse os correspondentes ao último ano do período dispoñible (2027).

Para estimar os dereitos recoñecidos (RDs) e as obrigas liquidadas e recoñecidas (ADOs) a 31 de decembro de 2026, utilízase o mesmo cálculo que o elaborado para o envío da prórroga do orzamento para 2026, que consta explicado no informe de Intervención que figura asinado dixitalmente no expediente electrónico de Tedec núm. 2026/T004/000001 e que é o seguinte:

Para efectuar as previsións en materia de ingresos, aas estimacións de RDs dos capítulos (Cs) 1, 2, 3 e 4 son o resultado de incrementar nun 2% os RDs que estes mesmos Cs tiveron en 2025. No C 5, C 8 e C 9 non se prevén ingresos. No C 7, a previsión é de que, se executen e



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

se perciban os ingresos do 100% das obras que están orzadas neste momento, é dicir, as que se inclúen e detallan no expediente de incorporación de remanentes de crédito núm. 1/2026.

Canto aos gastos, os ADOs do C1 estímase aplicándolle aos ADOs de 2025 a porcentaxe de incremento salarial previsto para 2025 e 2026 máis os atrasos de 2025 aínda non abonados (2,5% +1,5%+2,5%). Os do C2, aplicándolle aos ADOs de 2025 un incremento do 2%, co límite do crédito deste capítulo. No C 3, a previsión é a mesma que no anterior, ao igual que no C4, se ben neste non se aplia incremento.. No C 6, coma nos ingresos por transferencias de capital que os financian, a estimación é de que se executen e se recoñezan as obrigas correspondentes ao 100% dos investimentos previstos no orzamento prorrogado, 19.000,00€ máis as que se inclúen e detallan no expediente de incorporación de remanentes de crédito núm. 1/2026. No C7 a estimación de ADOs é do mesmo importe que este tiveron no 2025.

A actual situación de prórroga do orzamento do 2025 para o actual exercicio de 2026 fai imposible calcular cun mínimo de rigor as estimacións para exercicios posteriores a través de porcentaxes sobre créditos iniciais ou definitivos.

Pola situación exposta, a estimación de CI e PI para os exercicios 2027 a 2029 realízase da mesma maneira que se realizou para o envío dos Marcos orzamentarios do período 2025-2027, que consta explicada no decreto de Alcaldía nº 89/2025.

Nos exercicios de 2027, 2028 e 2029, non se prevé a concertación de operacións de endebedamento.

A estimación para 2027 realízase da mesma maneira que cando se realizou para a aprobación dos Marcos Orzamentarios 2025-2027.

Nos ingresos, calcúlanse as PIs do 2027 aplicando ás do 2026 dos Cs 1, 2, 3, 4 e 7, un coeficiente de incremento previsto do 1,02, pola información dos exercicios precedentes. No resto de Cs non se prevén ingresos. Sobre este resultado aplícase a mesma porcentaxe sobre 2027 para o cálculo para 2028

Nos gastos, aplícase un coeficiente de actualización nas CIs previstas para 2027 dos Cs 1 e 2 do 1,025 e do 1,02, respectivamente. Nos Cs 3, 4 e 7 considérase que as CIs deben de ser as mesmas que as de 2026. No C6, para investimentos, calculase pola diferenza. No resto de Cs non se consigna ningunha cantidade para 2027.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

A continuación, realízanse as estimacións para os exercicios de 2028 e 2029. Para calculadas, nos ingresos, para 2028, aplícanse aos resultados obtidos para o 2027, nos C1, C2, C3, C4 e C7, un coeficiente de actualización do 1,02, e tamén para o exercicio de 2029, pero neste caso aplícase sobre os resultados obtidos para o 2028. As do C5 mantéñense nas mesmas contías que no 2027, tanto para o 2028 coma para o 2029. Canto aos gastos, tanto para o 2028 como para 2029, pero neste último aplicando os cálculos sobre os resultados obtidos para o 2028, aplícase un coeficiente de incremento do 1,02 nos C1 e C2, para facer fronte aos incrementos salariais, recoñecemento de antigüidade e similares e para os incrementos estimados para adquisicións e subministracións e prestacións de servizos. Os C 3 e C 7 mantéñense nas mesmas contías que no 2026, tanto para o 2028 coma para o 2029. No C6, para investimentos, no 2028 e 2029 calculase pola diferenza. No C 9, consígnanse as cantidades necesarias para as amortizacións pola débeda a longo prazo da Corporación en vigor segundo as correspondentes táboas de amortización previstas

Os axustes para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, tanto para o 2026, estímase unicamente pola media que os axuste polos pagamentos pendentes de aplicación tivo ao remate dos exercizos 2022 e 2024. Non se calcula neste momento o correspondente ao grao de execución do gasto ante a imposibilidade de realizar agora unha previsión cun mínimo de rigor dos RDs e ADOs de 2027 a 2029

Canto a débeda financeira, o Concello tena toda concertada coa Deputación Provincial, polo que, ao estar en poder doutra Administración Pública, non se ten en conta para o cálculo segundo o Protocolo de Déficit Excesivo ( Débeda PDE), e só para o cálculo a efectos de necesidade de autorización de endebedamento, e o seu importe ao remate do ano 2026 estímase en 441.787,25€, unha vez que se formalice a amortización do importe adicado a esta finalidade no POS+ Adicional 3/2026 para a redución de débeda. Non se consignan amortizacións por non corresponder de acordo aso cadros vixentes.

As cifras obtidas segundo o exposto, refírense ao correspondente exercicio corrente e cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, no sentido de que non ofrecen déficit, con capacidade de financiamento, e co obxectivo de débeda, con aforro neto positivo e con cumprimento da porcentaxe de débeda viva sobre os ingresos correntes liquidados.



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Á vista do exposto anteriormente e considerando que, segundo o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponden á Alcaldía as competencias asignadas polas leis ao municipio que non atribúan a outros órganos locais, como neste caso, e que, polo tanto, me corresponde a adopción do presente acordo:

### RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte estimación de dereitos e obrigas a recoñecer e de previsión de débeda para o exercicio de 2026:

INGRESOS / GASTOS	ANO 2026 (En euros)
INGRESOS	2.803.169,32
Correntes	2.320.341,40
Capital	482.827,92
Financeiros	0,00
GASTOS	2.616.921,85
Correntes	2.112.517,49
Capital	504.404,36
Financeiros	0,00
Saldo operacións non financeiras	186.244,47
Axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiamento en termos SEC95	-14.262,10
Capacidade ou necesidade de financiamento	171.982,37
Débeda viva estimada a 31/12 (Préstamos sen intereses coa Deputación Provincial)	441.787,31
A curto prazo	
A longo prazo	441.787,31

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Ratio Débeda viva/ Ingresos correntes	0,19
---------------------------------------	------

SEGUNDO.- Aprobar o seguinte plan orzamentario a medio prazo para o período 2027-2029, en termos de créditos iniciais, no que se enmarcará a confección dos orzamentos anuais:

INGRESOS			
INGRESOS	2027	2028	2029
CORRENTES	2381475,97	2429105,49	2250773,42
DE CAPITAL	576524,03	588054,51	826729,78
FINANCEIROS			
TOTAL ORZAMENTO	2958000	3017160	3077503,2

GASTOS			
GASTOS	2027	2028	2029
CORRENTES	2.191.628,17	2.208.487,77	2.250.773,42
DE CAPITAL	766.371,83	764.493,51	782.551,06
FINANCEIROS	0	44178,72	44.178,72
TOTAL ORZAMENTO	2.958.000,00	3.017.160,00	3.077.503,20

TERCEIRO.- Que a Secretaria-Intervención do Concello comunique os devanditos datos ao MINF, por medios electrónicos, a través do sistema informático habilitado para o efecto e coa súa firma electrónica, para dar cumprimento ao prazo establecido.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución.

Decreto asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións do que eu,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

Ana Ramos Ramos, como Secretaria Xeral, dou fe. (Asinado, por esta última, aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo

A Secretaria por acumulación  
Ana Ramos Ramos “

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

#### **4. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 117/2026 RELATIVA Á REVISIÓN ANUAL PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. CIFRAS POBOACIÓN 01/01/2026**

O Sr. Alcalde en funcións explica brevemente o contido da resolución da Alcaldía núm. 117/2026 a que se refire este punto da orde do día, que se enviou coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

#### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: REVISIÓN ANUAL PADRÓN MUNICIPAL HABITANTES. Cifra de Poboación 01/01/2026**

**EXPEDIENTE: 2025/X999/000004**

#### **ANTECEDENTES:**

Logo de ver a lexislación aplicable, o procedemento a seguir en relación coa Revisión anual do Padrón municipal de habitantes, as actuacións levadas a cabo no Concello con respecto a este, durante o exercicio anterior (2025), das que resultan as cifras e a documentación do expediente

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

**PRIMEIRO:** Aprobar a revisión do Padrón municipal de habitantes con referencia ao 1 de xaneiro de 2026, sendo a poboación resultante de 1809 habitantes, segundo se deduce das alteracións introducidas no Padrón Municipal de Habitantes, de acordo co establecido no artigo 81 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, modificado polo Real Decreto 2612/1996, do 20 de decembro e polo Real Decreto 141/2024, do 6 de febreiro, xunto co establecido na Resolución do 13 de setembro de 2018, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 20 de xullo de 2018, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, sobre instrucións técnicas aos Concellos sobre a revisión anual do padrón municipal e o procedemento de obtención da proposta de cifras oficiais de poboación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

SEGUNDO: Que se remitan os resultados numéricos da revisión anual ao Instituto Nacional de Estatística (INE), a través da aplicación web DA-Padrón/cifras; no ficheiro denominado CppmmmAl.aaa.

TERCEIRO: Que se remitan, electrónicamente, á Delegación provincial do Instituto Nacional de Estatística os resultados numéricos da revisión anual, que consistirán en especificar unicamente a poboación resultante, referida ao 1 de xaneiro.

CUARTO: Dar conta da presente Resolución ao Pleno para a súa ratificación, á que queda vinculada.

Decreto asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo, do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria Xeral, dou fe. (Asinado, por esta última, aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

### **5. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 127/2026 RELATIVA Á SOLICITUDE PLAN CONCERTADO 2026**

O Sr. Alcalde en funcións explica brevemente o contido da resolución da Alcaldía núm. 127/2026 a que se refire este punto da orde do día, que se enviou coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

#### **“SOLICITUDE PLAN CONCERTADO 2026**

**EXPEDIENTE: 2026/A008/000001**

#### **ANTECEDENTES:**

Visto o Decreto 99/2012, do 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Vista a Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios establecidos no decreto 99/2012, do 16 de marzo.

Visto o informe presentado polo departamento de servizos sociais municipais que obran no expediente de data 27 de marzo 2026.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o contido íntegro do expediente de referencia, e na súa consecuencia, solicitarlle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

servizos comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Na documentación que consta no expediente de referencia, se indica que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do Anexo V, é de 235.551,00 €, co seguinte detalle:

- Persoal: 16.815,00 €
- Mantemento: 0,00 €
- Axuda no fogar:
  - Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00 €
  - Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 218.736,00 €
- Xestión de programas: 0,00 €
- Investimento: 0,00 €

RESUMO XERAL DO PROXECTO		
PERSONAL TÉCNICO		16.815,00€
AXUDA NO FOGAR	Modalidade de Prestación Básica do Plan Concertado	0,00€
	Modalidade para Persoas Valoradas como Dependentes	218.736,00€
XESTIÓN DE PROGRAMAS		0,00€
INVESTIMENTO		0,00€
<b>TOTAL</b>		<b>235.551,00€</b>

**SEGUNDO.-** Declarar que os servizos sociais comunitarios seguen a prestarse con continuidade.

**TERCEIRO.-** Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2026 na contía de 445.701,40 €, que supón unha porcentaxe do 65,42 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas, nos termos que esixe a aplicación informática da dita consellería.

**CUARTO.-** Que pola Secretaria do Concello de Monfero se expida certificación relativa aos puntos primeiro a terceiro anteriores no modelo que para o efecto publica a Consellería de Política Social ao abeiro do Decreto 99/2012, de 16 de marzo.

**QUINTO.-** Declarar atendendo ó cadro de persoal do Concello de Monfero e a documentación que conta nas oficinas deste Concello, que o persoal propio adscrito aos servizos sociais comunitarios desta corporación é o que se relaciona de seguido:

TRABALLADOR/A	POSTO DE TRABALLO	NATUREZA DA SÚA VINCULACIÓN LABORAL E GRAO DE ESTABILIDADE	FONTE DE FINANCIAMENTO DAS SÚAS RETRIBUCIÓNS
---------------	-------------------	--	--



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Patricia Martínez Lago	Traballadora social	Persoal funcionario interino	Fondos propios, CA + Ministerio
------------------------	---------------------	------------------------------	------------------------------------

**SEXTO.-** Que pola Secretaria – Intervención do Concello de Monfero se expida certificación relativa ao punto quinto anterior no modelo que para o efecto publica a Consellería de Política Social ao abeiro do Decreto 99/2012, de 16 de marzo.

**SÉTIMO.-** Declarar que o conxunto de subvencións e axudas solicitadas, tanto efectivamente percibidas como as aprobadas ou concedidas, así como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, e ingresos ou recursos financeiros municipais que teñen como finalidade cofinanciar os servizos sociais municipais independentemente da transferencia finalista solicitada para o exercicio corrente ao abeiro de dito decreto, son os seguintes:

FINALIDADE DA SUBVENCIÓN, AXUDA, INGRESO	IMPORTE	ORGANISMO AO QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN OU AXUDA/PERSOAS DAS QUE SE PERCIBE O INGRESO	SITUACIÓN
Servizo de Axuda no Fogar (SAF Dependencia)	37.571,04 €	Persoas usuarias	Presupostado/a ou estimado/a
Servizo de Axuda no Fogar (SAF Prestación básica)	10.468,68 €	Persoas usuarias	Presupostado/a ou estimado/a
Servizo de Axuda no Fogar (SAF Prestación básica)	77.000,00 €	Deputación Provincial	Concedida
Programas (Programa específico de atención a persoas maiores mediante equipamentos e servizos que faciliten a prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal mediante o envellecemento activo e solidario.)	7.000,00 €	Deputación Provincial	Concedida
Servizo de Axuda no Fogar (SAF Dependencia)	43.784,21 €	Deputación Provincial	Solicitado/a
Programas (Programa básico de inserción social.)	10.000,00 €	Deputación Provincial	Solicitado/a
Programas (Programa específico de atención á primeira infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar.)	5.000,00 €	Deputación Provincial	Solicitado/a



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

FINALIDADE DA SUBVENCIÓN, AXUDA, INGRESO	IMPORTE	ORGANISMO AO QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN OU AXUDA/PERSOAS DAS QUE SE PERCIBE O INGRESO	SITUACIÓN
Programas (Servizo de axuda no fogar.)	5.000,00 €	Deputación Provincial	Solicitado/a
Persoal (Auxiliar administrativo/a)	17.219,86 €	Deputación Provincial	Solicitado/a
Investimento (Equipamento, vehículos, maquinaria, mobiliario e investimentos inmateriais)	4.365,00 €	Deputación Provincial	Solicitado/a
Programas (Programa de fomento da cooperación e da solidariedade social.)	1.965,18 €	Administración Xeral do Estado	Previsión de solicitar a axuda
Servizo de Axuda no Fogar (SAF Prestación básica)	927,17 €	Deputación Provincial	Solicitado/a
Servizo de Axuda no Fogar (SAF Dependencia)	3.072,83 €	Deputación Provincial	Solicitado/a
Programas (Programa específico de atención á primeira infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar.)	18.733,00 €	Consellería de Política Social e Igualdade	Solicitado/a

Así mesmo, declaro que non se solicitaron, nin se concederon, nin están pendentes de resolución outras subvencións ou axudas das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, nin están previstos outros ingresos ou recursos financeiros municipais distintos dos anteriores para a mesma finalidade do financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais.

**OITAVO.-** Aceptar expresamente todos os requisitos e condicións establecidos na devandita convocatoria e no Decreto 99/2012

**NOVENO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Decreto asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria en réxime de acumulación, dou fe. (Asinado, por esta última, aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

Alberto Cortizas Rejo

Ana Ramos Ramos"

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

## 6. NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ 2026

O Sr. Alcalde indica que o goberno pretende someter a votación do Pleno é a non división en lotes do proxecto incluído no POS+ 2026 debido a un requirimento que chegou da Deputación e procede a explicar a súa proposta.

### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

## NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL -POS+ 2026

Logo de ver os requirimentos formulados sobre o Plan POS+ 2026 e o resto de documentación do expediente núm. 2025/A008/000020 de solicitude do Plan Único concellos, POS+2026, as Bases reguladoras, proxectos e restante documentación e tendo en conta que a competencia para contratar estas obras corresponde ao Pleno da Corporación , segundo o seu importe, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2026 cos datos que se indican:

Denominación do investimento	Orzamento de contrata
MODIFICADO PROYECTO PAVIMENTACIÓN VIALES EN LAS PARROQUIAS DE SANTA XIA, VILACHÁ, SAN FIZ, VAL XESTODO, ALTO XESTOSO Y QUEIXEIRO	418.212,87

- 2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE número 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación: (indicar as causas técnicas, económicas, xurídicas ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes.

- Que segundo consta, no informe do Técnico, contratado para o efecto, Antonio López Rodríguez, a obra executarase nun so lote xa que pola contra incrementaríase o número de expedientes de licitación que o Concello tería que realizar, co conseguinte custo e tempo e de recursos persoais e materiais.
- O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Deseguido pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía transcrita é aprobada por **UNANIMIDADE** polo Pleno da Corporación e, polo tanto, quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

### **7. APROBACIÓN DA EMENDA SOLICITUDE PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2026**

O Sr. Alcalde indica que o goberno pretende someter a votación do Pleno é a rectificación do acordo de solicitude do POS+ 2026 debido a un requirimento que chegou da Deputación e procede a explicar a súa proposta.

#### **“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA**

#### **EMENDA SOLICITUDE PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2026**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver os requirimentos formulados pola Deputación Provincial sobre a documentación presentada na convocatoria do Plan POS+ 2026, proxectos modificados e demais documentación elaborada para os efectos de emendar as deficiencias detectadas, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**Aprobar a RECTIFICACIÓN do acordo de solicitude do POS+ 2026 adoptado polo Pleno desta Corporación na sesión celebrada o 06/02/2026, que queda redactado como segue:**

1.-Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2026" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2026" e con cargo á "achega provincial 2025":

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:**

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	273.524,51
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>273.524,51</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga pot)	Total Concello	
MODIFICADO PROYECTO MEJORA DE CAMINO EN VITE, PARROQUIA DE QUEIXEIRO	95.122,89	0		0	95.122,89
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2026</b>	<b>95.122,89</b>	<b>0</b>		<b>0</b>	<b>95.122,89</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega	IVE	Total	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ou da subministración		municipal	soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Concello	
MODIFICADO PROYECTO PAVIMENTACIÓN VIALES EN LAS PARROQUIAS DE SANTA XIA, VILACHÁ, SAN FIZ, VAL XESTOSO, ALTO XESTOSO Y QUEIXEIRO	390.989,67	27.223,20		27.223,20	418.212,87
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2025</b>	<b>390.989,67</b>	<b>27.223,20</b>		<b>27.223,20</b>	<b>418.212,87</b>

Aprobar, aos únicos da solicitude do Plan POS+2026, os investimentos que se relacionan nestas táboas.

### C) Resumo:

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (Só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	273.524,51				273.524,51
	Achega 2025	0,00				0,00
B- INVESTIMENTOS	Achega 2026	95.122,89	0		0	95.122,89
	Achega 2025	390.989,67	27.223,20		27.223,20	418.212,87
C- TOTAL	Achega 2026	<b>368.647,40</b>	0		0	368.647,40
	Achega 2025	<b>390.989,67</b>	27.223,20		27.223,20	418.212,87
	<b>TOTAL</b>	<b>759.637,07</b>	27.223,20		27.223,20	786.860,27

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente Sostibles que a continuación se indican e aprobar, aos únicos efectos da solicitude do POS+2026 os investimentos que se indican:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
--	---------------------------	--	--

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

MODIFICADO PROYECTO REHABILITACIÓN DE LA ESCUELA UNITARIA DE XIAO PARA ALBERGAR UN PROGRAMA DE VIVIENDA UNIFAMILIAR	241.984,51		241.984,51
MODIFICADO PROYECTO MEJORA PAVIMENTACIÓN EN LAS PARROQUIAS DE SAN FIZ, VAL XESTOSO Y ALTO XESTOSO	119.011,50		119.011,50
<b>TOTAIS</b>	<b>360.996,01</b>		<b>360.996,01</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se atopa en tramitación todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, sen prexuízo do indicado nos informes do Arquitecto municipal e da Secretaría -Interventora que obran no expediente, para cada un dos investimentos detallados.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Deseguido pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía transcrita é aprobada por **UNANIMIDADE** polo Pleno da Corporación e, polo tanto, quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

### **8. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 136/2026 RELATIVA A SOLICITUDE ACTUALIZACIÓN DO MÓDULO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

O Sr. Alcalde en funcións explica o contido da resolución da Alcaldía núm. 136/2026 á que se refire este punto da orde do día, que se enviou coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

### **“SOLICITUDE ACTUALIZACIÓN DO MÓDULO FINANCIACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

**EXPEDIENTE: 2026/A008/000013**

#### **ANTECEDENTES:**

Vista a Orde do 26 de marzo de 2026 pola que se actualiza o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

Na que se establece o prazo dun mes, dende a entrada en vigor da orde, para que as corporacións locais manifesten á consellería competente en materia de servizos sociais a súa vontade de acollerse ao incremento da achega autonómica.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Solicitar o incremento da achega autonómica previsto no segundo parágrafo do número 1 da letra A) do anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

**SEGUNDO.-** Que a corporación local presta o servizo de axuda no fogar en condicións de estandarización e homoxeneidade requiridas para acceder ao incremento da achega autonómica

**TERCEIRO.-** Manifesto a vontade do Concello de Monfero a recibir o financiamento adicional previsto no segundo parágrafo do número 1 da letra A) do anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Decreto asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria en réxime de acumulación, dou fe. (Asinado, por esta última, aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo

A Secretaria en réxime de acumulación  
Ana Ramos Ramos”

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

## **9. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 128/2026 RELATIVA A ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL**

O Sr. Alcalde en funcións explica brevemente en que consiste o convenio, a resolución da Alcaldía núm. 128/2026 á que se refire este punto da orde do día enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital**

**EXPEDIENTE: 2026/G003/000090**

### **ANTECEDENTES:**

Logo de ver a comunicación da Deputación Provincial de A Coruña, pola que se da traslado do aviso da AMTEGA para proceder a sinatura do novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital, co obxecto establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades locais de Galicia para a compartición de plataformas, infraestruturas, recursos e servizos que contribúan ao desenvolvemento continuado dunha administración dixital, que permita unha maior aproximación á cidadanía e unha prestación máis eficiente dos servizos públicos.

Este novo convenio pretende dar continuidade á liña de colaboración establecida entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP inicialmente no convenio asinado o 13 de xullo de 2010 (Convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da comunidade autónoma de Galicia) prorrogado a través de distintas adendas ata o 9 de xullo de 2018 e posteriormente substituído polo convenio asinado o día 12 de novembro de 2018 (Convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica na Comunidade autónoma de Galicia) e prorrogado a través de dúas adendas (adenda asinada o 21 decembro 2020 e adenda asinada 28 de decembro de 2021) ata o 31 de decembro de 2024

Tendo en conta a competencia delegada na Alcaldía por medio de acordo Plenario de data 19/06/2023 para a aprobación e sinatura de convenios de colaboración con outras Administracións.

**Visto o informe xurídico da Secretaria en réxime de acumulación que obra no expediente**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

Logo de ver o texto do citado Convenio, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital, cuxo texto se transcribe no seu literal:

## **“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, que en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (Diario Oficial de Galicia número 73, do 14 de abril) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, así como o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra parte, don Julián Cerviño Iglesia director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), nomeado polo Decreto 149/2022, do 1 de setembro, (DOG núm. 167, do 2 de setembro) en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico- Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, don Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral Ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 15 de novembro de 2023.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio, e na súa virtude,

### **EXPOÑEN**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

**Primeiro.-** A Xunta de Galicia e as Entidades locais de Galicia, definidas nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (en diante, Entidades Locais), teñen acadado un importante avance na posta en marcha de servizos dixitais tanto para a relación coa cidadanía, como para o seu funcionamento interno e para as relacións interadministrativas.

**Segundo.-** Entre as competencias que, no referente ás relacións coas Entidades Locais, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, está a de colaboración e cooperación, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios. Os instrumentos de colaboración entre a administración autonómica e local, están consolidados en diferentes ámbitos de desenvolvemento dixital.

**Terceiro.-** Correspóndelle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, conforme ao disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, entre outras, as atribucións relativas á xestión do Portal da Administración local de Galicia (Eidolocal), así como o fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.

**Cuarto.-** A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Esta creación fíxose efectiva a través do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro.

Segundo o disposto no dito decreto a Amtega ten entre as súas atribucións, entre outras, o impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outras entidades do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia; o fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

Corresponde tamén á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a definición, dirección e xestión das políticas corporativas de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais da Administración da Comunidade Autónoma; o deseño e realización de accións encamiñadas a garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma; así como a planificación e coordinación das actuacións destinadas a promover a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

**Quinto.-** A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, sinala que a contratación centralizada efectuarase a través do departamento que acorde o Consello da Xunta de Galicia por proposta da comisión interdepartamental regulada no seu artigo 20. Asemade, o artigo 20.5 da lei permite que as entidades locais, as universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poidan adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante os oportunos convenios de colaboración. A relación de subministracións, obras, servizos e outras prestacións, que serán susceptibles de contratación centralizada fíxose pública a través da Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014 polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada (DOG Núm. 7 do 13 de xaneiro de 2015). En particular, o Anexo II recolle os supostos nos que a AMTEGA pode actuar como departamento da contratación centralizada.

**Sexto.-** A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) de acordo co establecido no artigo 2 dos seus estatutos ten entre os seus fins a representación e defensa das entidades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus estatutos.

A disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, establece que a Federación Gallega de Municipios e Provincias, recoñecida polas entidades locais como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, terá as facultades derivadas da súa representatividade.

**Sétimo.-** Segundo o artigo 31 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, a provincia é unha entidade local determinada pola agrupación de municipios, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, sendo fins propios e específicos da provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, en particular:

- a) Asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal
- b) Participar na coordinación da administración local coa Comunidade Autónoma e co Estado.



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

Entre as competencias propias das deputacións provinciais o artigo 36.1 da Lei 7/1985 inclúe a prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior aos 20.000 habitantes

**Oitavo-** O artigo 25.1. ñ. da Lei 7/1985, do 2 de abril, enumera entre as competencias propias dos concellos a promoción no termo municipal da participación dos cidadáns do uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e comunicación.

**Noveno.-** O día 13 de xullo de 2010 a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia, prorrogándose a través de distintas addendas ao convenio ata o 9 de xullo de 2018.

Continuando esta liña de colaboración, o día 12 de novembro de 2018 a Xunta de Galicia e a Fegamp asinaron un novo convenio de colaboración para o desenvolvemento da Administración electrónica na comunidade autónoma de Galicia, prorrogándose a través de distintas addendas ao convenio ata o 31 de decembro de 2024, e ao que agora se pretende dar continuidade a través dun novo convenio de colaboración, no que ademais dos servizos incluídos en convenios anteriores se inclúan novos ámbitos de colaboración atendendo ás situacións e posibilidades de desenvolvemento de servizos dixitais, ou de xestión de recursos dixitais.

**Décimo.-** Este novo marco de colaboración xurde nun contexto estratéxico que ten que dar resposta aos requirimentos establecidos polos plans de actuación e marcos normativos europeos, estatais e autonómicos deste ámbito, e de xeito especial á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Décimo primeiro.-** No ámbito autonómico a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia recolle no seu artigo 3, sobre os fins da dita lei, a cooperación interadministrativa e a reutilización dos servizos e dos compoñentes técnicos como mecanismo esencial para asegurar a interoperabilidade. Esta cooperación prestará especial atención á Administración local galega, para o que se abordarán as necesarias medidas de fomento e apoio.

Igualmente no artigo 128 sobre a cooperación e colaboración con outros organismos, establece o impulso das relacións de colaboración e cooperación necesarias coas restantes administracións públicas presentes no territorio galego coa finalidade de favorecer o achegamento dixital á cidadanía nas súas relacións coa administración. Segundo o dito artigo 128 a Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia deberán impulsar a colaboración e a cooperación co resto das administracións públicas para a posta en marcha de servizos interadministrativos integrados e a compartición de infraestruturas, as técnicas e os servizos comúns que permitan a racionalización dos recursos das tecnoloxías da información e a comunicación a todos os niveis.



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

**Décimo segundo.-** A Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) é a folla de ruta da Xunta de Galicia para potenciar o aproveitamento das tecnoloxías dixitais para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento rexional, e por tanto, asegurará o aliñamento, a coordinación e a complementariedade das actuacións no ámbito dixital impulsadas dende as distintas Administracións no territorio.

**Décimo terceiro.-** A EGD2030 impulsa o desenvolvemento dun “Goberno e Administración Intelixente”, que ten como obxectivo consolidar unha administración dixital máis eficaz e eficiente que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos e baixo un enfoque centrado na cidadanía. Para o desenvolvemento e consolidación da Administración dixital e o enfoque centrado na cidadanía as administracións necesitan ter unha visión global, ao tempo que detallada, dos pasos que cómpre seguir para levala a cabo, co fin de que o nivel de servizo chegue por igual a toda a cidadanía. A Xunta de Galicia, a través da Amtega, coordina recursos e sistemas dixitais que poden contribuír ao desenvolvemento dixital.

**Décimo cuarto.-** No contexto da dixitalización das administracións públicas, os aspectos normativos, organizativos e técnicos da seguridade da información son dunha enorme complexidade e os riscos de ciberseguridade ao que están expostas as Administracións Públicas tanto autonómicas como locais aumentan cada día. A Xunta de Galicia, a través da Amtega, ten interese en colaborar coas Administracións Públicas locais para afrontar este reto. Igualmente ten tamén interese en ofrecer ás Administracións Públicas locais servizos relativos ao cloud computing (computación na nube) en modalidades laas (infraestrutura como servizo), PaaS (plataforma como servizo), SaaS (software como servizo), ou unha combinación das mesmas: os servizos ofrecidos poderán estar dispoñibles en solucións de cloud privado (situadas nos centros de proceso de datos da Amtega), en solucións de cloud público ou ambas. Para a prestación destes servizos poderase requirir doutros servizos ou ferramentas complementarios referidos á ciberseguridade ou a implantación e soporte das solucións cloud.

**Décimo quinto.-** A Xunta de Galicia está a impulsar unha estratexia do dato como elemento fundamental no desenvolvemento dos servizos dixitais das administracións públicas, datos gobernados e compartidos, que permitan dispor dun mellor coñecemento do territorio, dos procesos e do funcionamento dos servizos, e todo iso para desenvolver novos servizos dixitais máis avanzados, e adaptados aos obxectivos das administracións e da súa relación coa cidadanía. Para acadar estes obxectivos será especialmente relevante a compartición de datos entre as administracións públicas situadas no territorio galego.

**Décimo sexto.-** Ademais para a implantación dunha auténtica relación dixital das administracións públicas galegas na súa relación coa cidadanía é precisa a coordinación dos procedementos, plataformas e redes de comunicacións xestionadas polas administracións locais e autonómica, de xeito que se posibilite a interacción entre todos eles para simplificar o acceso a servizos e medios



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

habilitantes de servizos dixitais. E neste modelo tamén é preciso posibilitar a interacción coa Administración Xeral do Estado e, en consecuencia, a Xunta de Galicia, asume tamén a coordinación coa Administración Xeral do Estado para o desenvolvemento e posta a disposición das administracións públicas galegas servizos e sistemas promovidos ou xestionados pola propia Administración Xeral do Estado. Así, nos últimos anos, formalizou diferentes convenios para o impulso da Administración electrónica, considerando a posibilidade de adhesión para as Entidades Locais.

En concreto o día 31 de outubro de 2013, o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas e a Xunta de Galicia asinaron un convenio de colaboración para a prestación mutua de solucións básicas de Administración electrónica, entre as que destacan a conexión á rede SARA, a utilización de sistemas de firma electrónica avanzada e as comunicacións entre administracións públicas por medios electrónicos. Este convenio substitúese polo “Convenio entre el Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) y la Comunidad Autónoma de Galicia para la prestación mutua de soluciones básicas de Administración Digital”, asinado o 18 de febreiro de 2025, para o que é necesario establecer unha nova adhesión por parte das Entidades Locais.

Como consecuencia de todo o exposto, en atención ao obxectivo último de alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable, en definitiva, eficiente e útil de cara a toda a cidadanía, é de interese de todas as partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración en materia de Administración electrónica; a fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor e ás que poidan derivarse de normativas futuras do nivel autonómico ou estatal.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para o apoio ao desenvolvemento da Administración electrónica nas Entidades Locais de Galicia, en base ás seguintes:

### CLÁUSULAS

#### **Primeira.- Obxecto do convenio.**

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades locais de Galicia para a compartición de plataformas, infraestruturas, recursos e servizos que contribúan ao desenvolvemento continuado dunha administración dixital, que permita unha maior aproximación á cidadanía e unha prestación máis eficiente dos servizos públicos.

Para levar a cabo esta colaboración, mediante este convenio a a Xunta de Galicia, a través da Amtega, e a Fegamp acordan:

- a) A posta a disposición das entidades locais de Galicia de infraestruturas tecnolóxicas e servizos comúns que forman parte do Catálogo dos sistemas dixitais postos a dispor das administracións públicas, coa finalidade de racionalizar os esforzos no desenvolvemento de recursos neste ámbito. Esta actividade prestacional da Amtega realizarase nas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

condicións indicadas nas cláusula segunda deste convenio, e poderá levarse a cabo de xeito directo ou mediante contratacións ou encargos a medios propios.

- b) A adhesión das entidades locais que así o desexen ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, segundo Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada, nos supostos recollidos no Anexo II do dito acordo, nos que a Amtega pode actuar como departamento de contratación centralizada e nos que as entidades locais estean incluídas no alcance da contratación.

### **Segunda.- Catálogo de servizos. Infraestruturas e servizos postos a disposición.**

No Anexo I a este convenio recóllense os elementos do “Catálogo de servizos” que se poñen a disposición das entidades locais xunto coa súa modalidade de utilización, así como os elementos tecnolóxicos necesarios para o funcionamento dixital, coa identificación das súas características técnicas e funcionais e a determinación do seu ámbito de utilización.

O “Catálogo de servizos” recollido no Anexo I é o identificado no momento da sinatura do convenio. Mediante addenda a este convenio poderanse incluír novos elementos ou modificar as modalidades de uso.

O “Catálogo de servizos” estará dispoñible e permanentemente actualizado no portal [eidolocal.gal](http://eidolocal.gal), xunto con toda a información e documentación relativa ás condicións e requirimentos previos de uso e os posibles custos de cada unha das solucións tecnolóxicas incluídas nel.

### **Terceira.- Adhesión ao convenio.**

As entidades locais de Galicia poderán solicitar a súa adhesión ao presente convenio mediante o modelo que figura como Anexo II, coa finalidade de garantir á cidadanía o acceso electrónico aos servizos públicos posibilitando a súa interacción con calquera Administración pública. A efectividade das adhesións quedará condicionada á obtención da conformidade por parte da Comisión de Seguimento deste convenio.

Con relación ás solucións incluídas no “Catálogo de servizos”, considerarase vixente a adhesión das entidades locais ao convenio precedente, a non ser que de xeito expreso manifesten o contrario.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

Así mesmo, as entidades locais que se adhiran ao convenio poderán levar a cabo, coas condicións e esixencias que establece a lexislación sobre contratos do sector público, contratos derivados, baseados nos acordos marco celebrados por Amtega, que inclúan no seu alcance as entidades locais de Galicia.

### **Cuarta.- Utilización do “Catálogo de servizos”.**

Os servizos incluídos no catálogo estarán a disposición das entidades locais de Galicia adheridas a este convenio. No portal [eidolocal.gal](http://eidolocal.gal) publicaranse os procedementos para a solicitude e configuración de uso. A modificación dos servizos do catálogo levarase a cabo mediante addenda, segundo o indicado na cláusula segunda.

No catálogo indicaranse aqueles servizos que, polas súas características, requiren da sinatura dun acordo de uso específico no que se regulen as condicións concretas da súa prestación, así como os asinantes requiridos do mesmo. Nos acordos anteditos figurarán as obrigas e responsabilidades que asumen cada unha das partes asinantes.

### **Quinta.- Contratos baseados en acordos marco.**

A adhesión ao presente convenio habilita tamén a adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, segundo Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada, nos supostos recollidos no Anexo II do dito acordo, nos que a Amtega pode actuar como departamento de contratación centralizada e nos que as entidades locais estean incluídas no alcance da contratación.

A adhesión ao sistema de contratación centralizada realízase por motivos de eficacia e eficiencia na xestión competencial dos organismos asinantes e sen prexuízo en todo caso da totalidade das competencias das entidades locais, de acordo coa normativa vixente

En virtude do disposto neste convenio, as entidades locais que se adhiran ao convenio de acordo co establecido na cláusula terceira poderán levar a cabo, coas condicións e esixencias que establece a lexislación sobre contratos do sector público, contratos derivados, baseados nos acordos marco celebrados por Amtega, que inclúan no seu alcance as entidades locais de Galicia.

### **Sexta.- Obrigas comúns.**

Para impulsar a Administración electrónica na Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co establecido na anterior cláusula e no marco da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

Xurídico do Sector Público e de lexislación autonómica na materia, as partes asinantes comprométese formalmente a:

- Fomentar a implantación e o desenvolvemento dun marco galego de interoperabilidade sobre a base do principio de neutralidade tecnolóxica e do impulso da aplicación de estándares abertos.
- Promover a utilización, a cesión, a transferencia e a compartición de plataformas dixitais, así como, en xeral, de sistemas, de aplicacións ou de software de titularidade pública sempre que sexa posible conforme á natureza e contido das plataformas e dos cesionarios destas.
- Asumir a dirección, organización e xestión dos traballos que corresponden en atención ao seu ámbito competencial.

### **Sétima.- Compromisos da Xunta de Galicia.**

Coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, a a Xunta de Galicia, a través da Amtega, porá a disposición das entidades locais adheridas ao presente convenio as solucións incluídas no “Catálogo de servizos”. Con carácter xeral, a Xunta de Galicia comprométese a:

- Posta a disposición das entidades locais de Galicia dos sistemas, solucións tecnolóxicas e infraestruturas previstas no “Catálogo de servizos”, conforme ás especificacións e condicións de uso descritas na documentación específica de cada unha delas.
- Garantir a continuidade na prestación das solucións tecnolóxicas de administración electrónica incluídas no presente convenio, asegurando a escalabilidade, robustez, dispoñibilidade, integridade e confidencialidade e seguridade da información.
- Proporcionar ás entidades locais de Galicia a documentación técnica necesaria para a posta en marcha e administración das solucións tecnolóxicas que se prestan no marco deste convenio recollendo, cando sexa necesario, a información legal, administrativa e técnica precisa para a utilización das mesmas por parte das entidades locais, así como calquera outra información que deba ser coñecida por estas para a prestación dos correspondentes servizos.
- Manter actualizado o “Catálogo de servizos” que será publicado no Portal das Entidades Locais de Galicia, [eidolocal.gal](http://eidolocal.gal), segundo se describe neste convenio. A modificación dos servizos do catálogo poderán realizarse mediante adenda.
- Asesorar ás entidades locais de Galicia no acceso e uso das solucións tecnolóxicas incluídas neste convenio e levar a cabo as actuacións de formación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

necesarias para garantir o seu correcto uso por parte das Entidades Locais de Galicia.

- Potenciar o portal de internet “Eidolocal” ([www.eidolocal.gal](http://www.eidolocal.gal)) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia.

En relación coa adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, cuxa competencia corresponde á Amtega, esta comprométese a:

- Garantir, con carácter xeral, a dispoñibilidade dos servizos incluídos no ámbito de aplicación deste convenio, mentres este manteña a súa vixencia e baixo as condicións establecidas nos correspondentes acordos marco que lle dean soporte.
- De ser o caso, incorporar ás entidades locais dentro das entidades adheridas aos acordos marco correspondentes. Neste senso, e de resultar preciso, tramitará a modificación do alcance dos ditos acordos marco, para deixar constancia da inclusión das entidades locais no seu obxecto, dándolle audiencia ao contratista, de conformidade co previsto nos seus pregos de cláusulas administrativas particulares.

### **Oitava.- Compromisos da FEGAMP**

A Federación Galega de Municipios e Provincias asume no marco deste convenio as seguintes obrigas:

- Colaborar coa Xunta de Galicia no análise de situación da evolución da administración dixital e a identificación de oportunidades de colaboración neste ámbito.
- Trasladar ás entidades locais de Galicia este convenio e promover a súa adhesión ao mesmo.
- Difundir entre as entidades locais de Galicia as características desta actuación, o texto do convenio e o marco de colaboración que del se derive, así como o procedemento e tramitación precisa para a súa adhesión.
- Levar a cabo a intermediación entre as partes cando se lle solicite e estea dentro dos seus fins.
- Representar, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo segunda, os intereses das entidades locais que se poidan adherir ao convenio.



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

### **Novena.- Compromisos das entidades locais adheridas.**

Sen prexuízo das restantes obrigas que figuren nos correspondentes Acordos de adhesión, con carácter xeral, as entidades locais de Galicia que asinen a súa adhesión ao presente convenio, comprométese a:

- Facer un uso axeitado das solucións tecnolóxicas e dos servizos electrónicos aos que accedan ou que presente segundo as normas sectoriais reguladoras de cada un destes.
- Cumprir coas especificacións técnicas e condicións de uso das solucións incluídas no presente convenio, segundo se describen na documentación específica de cada unha delas.
- Levar a cabo as actuacións necesarias dentro da súa entidade, no exercicio das súas competencias, para a posta en marcha das solucións do presente convenio que desexen utilizar.
- Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a Administración electrónica e os servizos e solucións a utilizar.

Doutra banda e en relación ca adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, a entidade local adherida comprométese a:

- Respetar as condicións de contratación establecidas nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, así como a facer un uso axeitado dos servizos obxecto dos contratos derivados que poida asinar coas entidades adxudicatarias dos acordos marco tramitados pola Amtega.
- Comunicarlle á Amtega os contratos que de ser o caso promova baseados nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, así como trasladarlle calquera incidencia que xurda en relación coa súa execución.
- Cumprir coas obrigas derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos no acordo marco específico ao que se adhira, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle sexa aplicable.
- Asumir todos os gastos e obrigas económicas que se deriven da formalización dos contratos derivados baseados nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, quedando exonerada a Amtega de ningún gasto como consecuencia dos contratos baseados que subscriba a entidade local.



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

- Colaborar coa Amtega en caso de que se formulase un recurso ou reclamación derivados dos contratos baseados por ela promovidos, así como facilitar a documentación e información que con este motivo resultase procedente.

### **Décima.- Colaboración das Deputacións Provinciais**

As Deputacións Provinciais poderán colaborar ou subrogarse nas obrigas correspondentes aos concellos de menos de 20.000 do seu ámbito territorial derivadas deste convenio e dos acordos de uso que regulen as condicións específicas da prestación de servizos incluídos no mesmo. Esta colaboración deberá formalizarse expresamente mediante acordo entre as deputacións e os concellos respectivos, debendo dar conta do mesmo á Xunta de Galicia.

### **Décimo primeira.- Soporte, formación e difusión.**

A Amtega realizará as actividades de soporte ás entidades locais adheridas das solucións tecnolóxicas incluídas neste convenio, así como as tarefas de asesoramento e apoio para o desenvolvemento da Administración electrónica.

Do mesmo xeito, colaborará coas ditas entidades locais na difusión cara ás propias entidades, á cidadanía ou a outros ámbitos implicados dos servizos incluídos neste convenio.

A formación do persoal das entidades asinantes do presente convenio poderá realizarse en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública ou de xeito descentralizado.

### **Décimo segunda.- Comisión de Seguimento.**

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido nel, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

A Comisión de Seguimento estará integrada por:

- A persoa titular da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ou persoa en quen delegue.
- Un funcionario/a da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

- Tres representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.
- 

A Presidencia da Comisión de Seguimento corresponderá alternativamente e por períodos dun ano ás persoas titulares da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Dirección Xeral de Administración Local, respectivamente.

A Secretaría da Comisión de Seguimento será desempeñada por un funcionario/a designado/a pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A Comisión de Seguimento reunirse a proposta de calquera dos seus membros. O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A conformidade da adhesión das entidades locais a este convenio.
- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- A aprobación das propostas de modificación do “Catálogo de servizos” que deberán incluírse na addenda que se tramite ao efecto.
- A aprobación das normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.

Será de aplicación á Comisión de Seguimento o réxime establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. O funcionamento da Comisión de Seguimento fomentará o uso de medios dixitais nas actuacións de coordinación e seguimento, podendo realizarse as súas sesións de xeito dixital, con reunións e sinatura de acordos síncronos ou asíncronos.

### **Décimo terceira.- Duración do convenio.**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028, sen prexuízo da súa prórroga por un período máximo de catro anos mediante acordo unánime entre as partes asinantes, manifestado con anterioridade á finalización do correspondente período de vixencia.



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a adhesión da entidade local a acordos marco concretos, dentro do sistema de contratación centralizada, extinguirase cando estes finalicen a súa vixencia, sen que iso lles afecte aos contratos baseados, que continuarán vixentes ata a súa extinción.

### **Décimo cuarta.- Modificación, denuncia e causas de resolución.**

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Sen prexuízo do establecido na normativa vixente, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- Acordo unánime do tódolos asinantes.
- Incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Calquera outra causa de resolución previstas no convenio e na lexislación vixente de aplicación.

### **Décimo quinta.- Financiamento.**

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á extensión da administración dixital mediante o financiamento, con cargo aos seus propios orzamentos, respectivamente, da realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio, nos termos da cláusula décimo sexta deste convenio.

A adhesión ao presente convenio non comporta obrigas económicas adicionais para ningunha das partes asinantes.

### **Décimo sexta.- Condicións económicas específicas das solucións incluídas no "Catálogo de servizos".**

Dentro das condicións específicas de cada unha das solucións incluídas no "Catálogo de servizos" determinarase a contribución económica de cada unha das distintas administracións para garantir a súa mellor prestación á cidadanía. Neste senso, as solucións tecnolóxicas incluídas no "Catálogo de servizos" poderán ser:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

- a) **Gratuítas:** solucións tecnolóxicas que poderán ser utilizadas polas Entidades Locais de Galicia para a extensión da administración electrónica e cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia.
- b) **Cota fixa:** solucións tecnolóxicas destinadas á extensión da administración electrónica e cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia e a entidade local de que se trate, na proporción que se determine no correspondente instrumento de adhesión.
- c) **Por uso:** solucións tecnolóxicas destinadas á extensión da administración electrónica cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia, correspondendo á entidade local de que se trate o financiamento correspondente ao incremento dos custos de mantemento derivados do uso que se faga do mesmo no seu ámbito territorial, e que se determinará no correspondente instrumento de adhesión.
- d) Coa finalidade de facer efectiva a contribución da entidade local prevista nas letras b) e c), no posterior acordo concreto de prestación do servizo acordaranse os termos específicos.

### **Décimo sétima.- Protección de datos.**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

### **Décimo oitava.- Inexistencia de relación laboral.**

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e Xunta de Galicia ou a Amtega.



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

### **Décimo novena.-Publicidade.**

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno . ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

### **Vixésima.- Natureza do convenio, resolución de confitos e xurisdición.**

O presente convenio ten natureza administrativa e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións.

En especial, o convenio queda suxeito ao capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen expoñerse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e na data da sinatura dixital.

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes	O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias
D. Diego Calvo Pouso	D. Julián Cerviño Iglesia	D. Alberto Varela Paz

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

## ANEXO I - CATÁLOGO DE SERVIZOS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL.

Neste anexo recóllese a título orientativo un inventario do contido do “Catálogo de servizos do convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica”, no momento da sinatura do convenio. No portal Eidolocal estará publicado e permanentemente actualizado o catálogo xunto con toda a información e documentación relativa ás condicións e requisitos de uso de cada un dos servizos., así como a información relativa ás novas solucións tecnolóxicas que se poidan incorporar nun futuro.

No “Catálogo de servizos do convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica” distínguense as seguintes categorías:

A.	Servizos dixitais da Xunta de Galicia.
B.	Servizos especializados en seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais.
C.	Datos e territorio.

Adicionalmente, inclúese neste catálogo a necesidade, para a utilización dalgúns dos servizos, da adhesión ao “Convenio entre el Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) y la Comunidad Autónoma de Galicia para a prestación mutua de soluciones básicas de Administración Digital” asinado o 18 de febreiro de 2025. Este convenio, publicado no portal Eidolocal, da continuidade ao anterior, habilita o acceso a diversos servizos dixitais promovidos pola Administración Xeral do Estado e especifica as obrigas para o seu uso pero require, tal e como establecen os seus termos, unha nova adhesión expresa.

A Xunta de Galicia, a través da Amtega, coordinará o proceso de adhesión por parte das entidades locais interesadas.

### A. SERVIZOS DIXITAIS DA XUNTA DE GALICIA.

En función das condicións e situación das aplicacións ou sistemas, estes poderán poñerse a dispor en diversas modalidades: reutilización da aplicación, posta a dispor do seu uso, utilización compartida e aquelas outras que en cada momento poidan resultar de interese. Na publicación detallada do catálogo identificaranse as modalidades dispoñibles para cada caso.

#### a) Conexión á rede corporativa da Xunta de Galicia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

A rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia proporciona servizos de datos, internet, telefonía fixa e telefonía móbil aos diferentes organismos, e posibilita a súa conexión coa rede SARA.

Cada entidade local poderá solicitar un máximo de dúas liñas de datos de forma gratuíta.

### **b) Conexión á rede SARA.**

A Rede SARA (Sistema de Aplicaciones y Pedes para las Administraciones) é un conxunto de infraestruturas de comunicacións e servizos básicos que conecta as redes das Administracións Públicas Españolas facilitando o intercambio seguro de información e o acceso a servizos compartidos.

Esta Rede permite a calquera Administración Pública conectada prover servizos ou utilizar os que poñen á súa disposición outras Administracións Públicas.

### **c) Rexistro — SIR**

Rexistro E/S da Xunta de Galicia (AIRES). Actualmente, AIRES está integrada co Sistema de Inerconexión de Rexistros (SIR).

### **d) Chave365.**

Chave365 é o sistema que permite á cidadanía maior de idade e aos/ás menores emancipados/as identificarse e asinar documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante un código único, para cada operación, que se recibe no teléfono móbil, sen necesidade de usar certificados dixitais nin DNI electrónico. Calquera entidade local pode solicitar ser Oficina de rexistro de usuarios de Chave 365

### **e) Notifica.gal.**

Sistema de Notificación de Galicia, Notifica.gal é o servizo que permite, por una banda, aos/ás cidadáns/ás, empresas e administracións públicas galegas recibir de forma áxil e sinxela notificacións electrónicas das administracións públicas galegas e por outra banda, permite ao persoal das administracións públicas, que dispoñan deste servizo, realizar o envío e xestión das notificacións á cidadanía e a outras administracións.

Require adhesión ao acordo de uso do servizo dispoñible.



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

### **f) Plataforma de intermediación de datos e documentos PasaXe!**

A plataforma de intermediación PasaXe!, como nodo de interoperabilidade, presta funcionalidades comúns para o intercambio de datos e documentos entre o sector público autonómico e o resto das administracións públicas. O intercambio realízase nunhas condicións tales que garanten a seguridade da información e a protección dos datos persoais que se transmitan, proporcionando medidas para a autenticidade, confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e trazabilidade adecuadas á natureza daqueles.

O Catálogo de servizos de interoperabilidade inclúe todos os servizos de consulta de datos e documentos accesibles a través da plataforma, así como as súas condicións de acceso.

### **g) Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos.**

O Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia (REAG) permite ás persoas físicas e xurídicas outorgar poderes a outros/as cidadáns/ás ou entidades para actuar no seu nome nas relacións ante as administracións públicas. Pódese outorgar un apoderamento de maneira presencial a través das oficinas de atención á cidadanía e de rexistro ou tamén de forma telemática.

Require adhesión ao acordo de uso do servizo dispoñible.

### **h) Plataforma de contratos de Galicia.**

Punto de acceso á información publicada por todos os perfís dos órganos de contratación do sector público galego, incluídas as entidades locais. Unha entidade local pode manter os datos do seu perfil como contratante, publicar e xestionar os seus procedementos de contratación na plataforma de Contratos Públicos de Galicia. A plataforma atópase na actualidade interconectada coa Plataforma de Contratación do Sector Público de xeito que as licitacións anunciadas nela pódense visibilizar a nivel estatal facilitando a concorrência e acceso ás licitacións das pequenas e medianas empresas.

### **i) Plataforma de licitación electrónica Siíex.**

A plataforma de licitación electrónica da Xunta de Galicia permite a creación de expedientes, presentación de ofertas e celebración das mesas de contratación.

### **k) SEF, sistema de facturación electrónica.**

Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas de Galicia que permite a presentación telemática de facturas, a xestión e seguimento dos estados de tramitación para a simplificación de trámites

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

de facturación e o aforro de custos a administracións e empresas así como os intercambios de información necesarios cos Sistemas Económicos- Financeiros das entidades.

### **í) Servizos de certificación dixital.**

A Xunta de Galicia xestionará un contrato cunha autoridade de certificación coa finalidade de ofrecer certificados dixitais e servizos que permitan aos organismos e entidades públicas galegas asinar os documentos que forman parte dos procedementos que se tramitan de xeito telemático e identificarse ante a cidadanía nas relacións por canles telemáticas.

### **m) Sistema de tradución automatizada Gaio (Integración).**

Posibilidade de integración co sistema de tradución automática da Xunta de Galicia que realiza a tradución automática de textos, documentos e páxinas web e permite facer traducións entre galego e castelán en ambos sentidos, ao igual que entre galego e portugués.

## **B. SERVIZOS ESPECIALIZADOS EN SEGURIDADE DA INFORMACIÓN, CIBERSEGURIDADE, PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E SOLUCIÓNS CLOUD.**

No proceso de dixitalización das administracións públicas, os aspectos normativos, organizativos e técnicos da seguridade da información son dunha enorme complexidade e os **riscos de ciberseguridade** ao que están expostas as Administracións Públicas tanto autonómicas como locais aumentan cada día. A Xunta de Galicia, a través da Amtega, ten interese en colaborar coas Administracións Públicas locais para afrontar este reto.

Igualmente ten tamén interese en ofrecer ás Administracións Públicas locais **servizos relativos ao cloud computing** (computación na nube) en modalidades laas (infraestrutura como servizo), PaaS (plataforma como servizo), SaaS (software como servizo), ou unha combinación das mesmas: os servizos ofrecidos poderán estar dispoñibles en solucións de cloud privado (situadas nos centros de proceso de datos da Amtega), en solucións de cloud público ou ambas. Para a prestación destes servizos poderase requirir doutros servizos ou ferramentas complementarios referidos á ciberseguridade ou a implantación e soporte das solucións cloud.

	Servizo de visibilidade do nivel de ciberseguridade das organizacións.
	Monitorización, análise e xestión continua de vulnerabilidades.
	Ciberexercicios como adestramento en materia de ciberseguridade.



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Servizos especializados en seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais:	Actividades de formación, concienciación e talento, vídeos formativos e actividades para a promoción e retención do talento.
	Organización de eventos en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais.
	Servizo de xestión de eventos e información de seguridade.
	Servizo de monitorización mediante sonda do tráfico da rede e servizo de protección de rede mediante cortalumes de nova xeración.
	Monitorización de eventos e xestión de incidentes de seguridade.
	Consultoría de alta especialización.
	Servizo de vixilancia dixital ou ciberintelixencia no ámbito da seguridade TIC.
Calquera outros servizos ou infraestruturas de seguridade que a Xunta de Galicia considere preciso pór a dispor das entidades locais.	
Servizos relativos ao cloud computing (computación na nube) en modalidades:	IaaS (infraestrutura como servizo).
	PaaS (plataforma como servizo).
	SaaS (software como servizo).
	Calquera outra modalidade de servizos Cloud ou unha combinación das mesmas que a Xunta de Galicia considere preciso pór a dispor das entidades locais.

### C) DATOS E TERRITORIO.

Un dos eixos estratéxicos a desenvolver na Estratexia Dixital 2030 é o eixe E4.Territorio Intelixente, verde e resiliente, onde por parte da Amtega contéplase a posta en marcha da Plataforma Galicia Territorio Intelixente, que consolidará nunha base cartográfica única toda a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos.

O obxectivo principal desta Estratexia é gañar soberanía dixital e aproveitar e adaptar as tecnoloxías disruptivas, como o Internet das Cousas (IoT) para consolidar unha administración



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

dixital, máis eficaz e eficiente, que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos.

Nesta nova fase, xa non só debemos dotar o territorio para conectar ás persoas, senón tamén para conectar dispositivos e sensores e xestionar en tempo real e con tecnoloxías intelixentes todos os datos que nos proporcionen.

## a) Rede Icousas

**A Rede Gaíega de Internet das Cousas (iCousas)**, é unha rede de comunicación IoT para a autoprestación de servizos na Comunidade Autónoma de Galicia, con capacidade para xestionar máis de 300.000 sensores e que cubre máis do 70% do territorio galego. Está formada por máis de 300 puntos de acceso que poden captar e enviar información a dispositivos IoT, así como unha plataforma que xestiona e procesa a información captada polos ditos dispositivos e os elementos que integran a rede de acceso. Os puntos de acceso da rede instaláronse nos centros de telecomunicación titularidade da Xunta de Galicia xestionados por Retegal distribuídos por toda a xeografía galega e outras infraestruturas públicas, con foco no ámbito rural.

As redes IoT poden proporcionar información relevante do territorio nos diferentes eidos xestionados por parte das administracións públicas, co obxectivo de mellorar a xestión, optimizar a toma de decisións e posibilitar a capacidade de monitorización do territorio. En definitiva, esta tecnoloxía é unha ferramenta fundamental no proceso de dixitalización do medio rural, facilitando a mellora da competitividade e calidade de vida, a cohesión do territorio e a fixación de poboación no rural.

A Xunta de Galicia, por medio da Amtega, pon a disposición das entidades locais a rede iCousas, que proporciona servizos de conectividade a dispositivos e sensores IoT, e o acceso aos datos captados polos sensores distribuídos polo territorio a través dunha plataforma que facilita a xestión e acceso a información proporcionada polos sensores.

A modalidade de uso dos servizos será de adhesión a un encargo co pago dunha cota por sensor para cada un dos servizos proporcionados, en base ás tarifas definidas no correspondente instrumento de adhesión.

Os servizos proporcionados pola rede iCousas son:

Servizos de conectividade IoT	Servizo de conectividade(€/ano/sensor), en función do tráfico cursado.
Servizos de acceso á plataforma	Servizo de acceso á plataforma (€/ano/sensor).
Servizos de mantemento dos Se"SOFeS	Visita para mantemento preventivo (€/sensor).
	Visita para mantemento correctivo (€/sensor).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

A adquisición dos sensores IoT e a súa instalación e mantemento, así como a personalización de acceso á información ou a extensión de cobertura en interiores e/ou onde non chega a rede, poderá realizarse mediante instrumentos como, no seu caso, addendas que a propia Amtega podería facer á encomenda da xestión e mantemento da Rede Galega de Internet das Cousas. Cada proxecto levará asociado o seu modelo de negocio, para a definición das tarifas, custos e investimentos asociados.

### ANEXO II

ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL/ ENTIDADE LOCAL / ...> AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL

ASINADO O dd/mm/aaaa

D./Dona (nome e cargo), en representación da (Deputación Provincial / Entidade Local /...),

DECLARA:

Que o (órgano competente) da (Deputación Provincial /Entidade Local) acordou, con data de de 202\_ , solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o desenvolvemento dunha Administración dixital.

MANIFESTA:

A vontade da (Deputación Provincial / Entidade Local / ...) de adherirse formal e expresamente ao convenio, en virtude das previsións contidas no clausulado do mesmo, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas as súas cláusulas.

(Lugar, data e firma)

### ANEXO III

CONFORMIDADE DA ADHESIÓN DA (DEPUTACIÓN PROVINCIAL / ENTIDADE LOCAL / ...) AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL

ASINADO O dd/mm/aaaa

Don/Dona ---, director/a a Dirección Xeral de Administración Local, e Don/Dona ..., director/a da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en razón dos termos establecidos no Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento dunha Administración Dixital, asinado en data de de 202\_.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

## CERTIFICAN QUE

- A (Deputación Provincial / Entidade Local / ...) manifestou a súa vontade de adherirse mediante escrito firmado en data de de 202\_.
- Acordouse dar conformidade á solicitude de adhesión formulada pola (Deputación Provincial / Entidade Local / ).

O que se certifica en , a de de 202\_.

O/a Director/a Xeral de Administración Local

O/a Director/a da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

**SEGUNDO.**- Elevar a presente resolución para a súa ratificación polo Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, atendendo ao previsto no acordo adoptado en sesión do 19/06/2023

**TERCEIRO.**- Notificar o contido da presente resolución á Deputación Provincial da Coruña, requirindo ao organismo provincial copia do mesmo coa sinatura de ambos representantes.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde en funcións do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria en réxime de acumulación, dou fe. (Asinado, por esta última, aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

O Alcalde en funcións,

A Secretaria en réxime de acumulación,

Alberto Cortizas Rejo

Ana Ramos Ramos"

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a resolución da Alcaldía núm. 128/2026, de 30 de marzo, de adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital, á que se refire este punto da orde do día, é ratificada por **UNANIMIDADE** polo Pleno da Corporación.

## 10. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL DO CONCELLO DE MONFERO

O Sr. Alcalde da lectura e explica a proposta da Alcaldía núm. 136/2026 á que se refire este punto da orde do día, que se enviou coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

## “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

### **APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL NO CONCELLO DE MONFERO.-**

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece o dereito á carreira profesional e a avaliación do desempeño, remitindo a súa regulación ás leis de función pública que se diten en desenvolvemento dese Estatuto.

Na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia regúlase a carreira profesional así como os principios a ter en conta na súa regulamentación.

Na mesa de Negociación celebrada o 29 de setembro de 2025, entre a representación do goberno municipal e as organizacións sindicais CIG e UXT asinouse o acordo sobre o "Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no Concello de Monfero", de conformidade coas previsións que respecto diso conteñen o artigo 38 da Lei do Estatuto básico do empregado público (texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro) e o artigo 154 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Visto que de conformidade co establecido no artigo 37.1. k) do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, o Regulamento foi obxecto de negociación na Mesa Xeral de Negociación, tendo en conta que afecta as condicións de traballo dos empregados públicos.

Tendo en conta o informe/s emitido pola Secretaria en réxime de acumulación de data 14/04/2026

Visto o documento contable RC que acredita a existencia de crédito adecuado e suficiente.

Polo exposto, e logo do acordo acadado na Mesa Xeral de Negociación de data 29 de setembro de 2025, propóñolle ao Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o Regulamento para o recoñecemento da carreira profesional horizontal no Concello de Monfero que é o que de seguido se transcribe:

### **REGULAMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL NO CONCELLO DE MONFERO.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A carreira profesional é un recoñecemento do dereito do persoal empregado do Concello de MONFERO a progresar de maneira individualizada como recoñecemento ao seu desenvolvemento profesional, no que ten que ver con coñecementos, formación, experiencia, participación e iniciativas concretas de traballo que supoñan implicación e compromiso co Concello e outros aspectos relevantes, segundo o caso, para a correspondente profesión.*

*A carreira profesional inclúe o conxunto ordenado de oportunidades de promoción e expectativas de progreso profesional, consonte aos principios de igualdade, mérito e capacidade, que consisten na aplicación illada ou simultánea dalgunha das seguintes modalidades:*

*a) Carreira horizontal, que consiste no ascenso de grao e categoría profesional sen necesidade de cambiar de posto de traballo, nos termos que se establezan regulamentariamente.*

*b) Carreira vertical, que consiste no ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión establecidos na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

c) *Promoción interna vertical, que consiste no ascenso dun corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, a outro superior.*

d) *Promoción interna horizontal, que consiste no acceso a outro corpo ou escala do mesmo subgrupo ou grupo de clasificación, no suposto de que este non teña subgrupo.*

*Unha das modalidades dentro da carreira profesional ás que poden optar os/as traballadores/as públicos/as é a carreira horizontal, que consiste na progresión de grao, categoría, escalón ou outros conceptos análogos, sen necesidade de cambiar de posto de traballo.*

*A normativa establece un mandato para as Administracións Públicas, manifestando que estas promoverán a actualización e perfeccionamento da cualificación profesional do conxunto dos/das súas seus traballadores/as.*

*A regulación da carreira profesional horizontal realízase nos art. 16 e 17 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).*

*O recoñecemento da maior cualificación e incremento da calidade na prestación de servizos polo conxunto do persoal do Concello de MONFERO segundo o paso dos anos é o obxectivo deste regulamento, así como o aboamento dun complemento de carreira administrativa.*

*A necesaria renovación dos coñecementos para o posto de traballo, xunto coa presenza de materias transversais, farán que o desempeño laboral sexa mellor. O conxunto da cidadanía será o beneficiario desta mellora así coma a propia administración pola activación das recomendacións do persoal*

*Neste contexto, as partes negociadoras acordan a aprobación do presente regulamento da carreira profesional horizontal de todo o persoal do Concello de MONFERO, comprometéndose a traballar a prol do exposto neste documento en todo o seu contido.*

## **1.-OBXECTO:**

*Este regulamento ten por obxecto establecer as bases e incorporar a modalidade de carreira profesional horizontal para todos os/as empregados/as públicos do Concello de MONFERO nos termos previstos legalmente.*

## **2.- CONCEPTO E OBXECTIVOS DA CARREIRA PROFESIONAL**

*Enténdese por carreira profesional horizontal o dereito individual dos/das profesionais a progresar de maneira individualizada como recoñecemento ao seu desenvolvemento en canto a coñecementos, formación, experiencia e outros aspectos relevantes, segundo o caso, para o correspondente grupo ou categoría profesional, así como á súa participación nos obxectivos do Concello de MONFERO.*

*Son obxectivos da carreira profesional:*

- a) *Recoñecer a achega do persoal municipal á mellora da calidade dos servizos públicos.*
- b) *Outorgar un recoñecemento obxectivo á súa competencia profesional e individual.*
- c) *Fomentar a cultura do compromiso do persoal municipal co sistema da función pública, promovendo a actualización dos seus coñecementos e competencias e a mellora da súa cualificación.*
- d) *Lograr un maior grao de motivación que permaneza ao longo da súa vida laboral como xeito de propiciar a mellora dos servizos públicos.*

## **3.- CARACTERÍSTICAS DA CARREIRA PROFESIONAL**

*Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)*



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

- a) *Voluntaria: corresponde ao persoal decidir se se incorpora ao sistema de carreira e o ritmo de progresión nos diferentes graos que a configuran, cumprindo os requisitos establecidos.*
- b) *Personalizada: o recoñecemento do grao ten carácter persoal e individual e farase considerando os méritos presentados pola persoa interesada de conformidade cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*
- c) *Progresiva: o acceso aos diferentes graos recoñecidos na carreira farase sucesivamente ao longo da vida laboral, de xeito que o acceso ao grao superior só será posible acreditando o recoñecemento do grao inmediatamente inferior e logo dun período de permanencia neste último.*
- d) *Avaliable: o sistema fundaméntase na avaliación, suxeita a baremo, da antigüidade e dos méritos da persoa interesada.*
- e) *Transparente: os elementos e criterios de avaliación serán públicos.*
- f) *Irreversible: os graos serán irreversibles e consolidados a todos os efectos.*
- g) *Aberta: non ten limitacións de acceso (sen cotas), sempre que se cumpran os requisitos básicos establecidos e os criterios definidos para obter cada grao.*
- h) *Homologable: o sistema deséñase consonte aos criterios xerais de homologación, e incorporará mecanismos para o recoñecemento dos graos de carreiras profesionais acadados noutras administracións públicas.*
- i) *Independente do posto de traballo que se ocupe: obter un grao de carreira determinado ou acceder a outro non implica cambiar de posto de traballo nin a actividade que o/a profesional desenvolve.*
- j) *Orientada á prestación de servizos públicos de calidade á veciñanza, así como ao mellor cumprimento dos obxectivos do Concello de MONFERO.*
- k) *Actualizable: a variación no valor do complemento de carreira profesional será actualizado anualmente na mesma porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.*

## **4.- REQUISITOS DE ACCESO AO SISTEMA DE CARREIRA PROFESIONAL**

*Para acceder ao sistema de carreira horizontal e progresar no recoñecemento dos graos sucesivos o/a empregado/a público deberá cumprir os seguintes requisitos básicos:*

- *Estar incluído no ámbito de aplicación establecido no punto 1.*
- *Estar en situación de activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza. Aos efectos de completar período de permanencia en grao computarase o tempo de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza.*
- *Presentar a solicitude de recoñecemento de grao no prazo que se estableza na convocatoria correspondente, que será periódica e non dilatoria.*
- *Acreditar o período de permanencia establecido en cada caso.*
- *Ter realizado e superado, accións formativas específicas sobre materias directamente relacionadas coas función encomendadas ao posto de traballo, así como outras de carácter transversal e de promoción profesional nos períodos establecidos.*

## **5.-ESTRUTURA DE GRAOS:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

O punto de inicio do cómputo para a carreira profesional será a toma de posesión (para o persoal funcionario de carreira ou interino) ou a sinatura no contrato que corresponda (laboral fixo, temporal e indefinido non fixo). No caso de discrepancia só será válido o documento acreditativo desa situación expedido polo Negociado de Recursos Humanos.

Entenderase como tempo efectivo de traballo, para os efectos de cómputo de permanencia nos diferentes Graos de Carreira Profesional (GCP), o tempo transcorrido en servizo activo o calquera outra que supoña reserva de praza.

A progresión da carreira profesional comeza a partir dos 3 anos de antigüidade no que se acada o I grao e logo irase alcanzando sucesivos graos cada 5 anos ata un máximo de catro graos:

- Grao I: ata os 3 anos de servizos continuados, acreditando a realización de, polo menos, 50 horas de formación.
- Grao II: A partir dos 3 anos e ata os 8 anos de servizo acreditando a realización de, polo menos, 100 horas de formación, e 5 anos no Grao I.
- Grao III: A partir dos 8 anos e ata os 13 anos de servizo acreditando a realización de, polo menos, 150 horas de formación, e 5 anos no Grao II.
- Grao IV: A partir dos 13 anos e ata os 18 anos de servizo acreditando a realización de polo menos 200 horas de formación, e 5 anos no Grao III.

O cómputo do prazo para pasar ao seguinte grao comezará o día correspondente que se cumprira e recoñecera o anterior, e, os efectos económicos do recoñecemento do grao de carreira correspondente, se producirán no mes seguinte ao que se recoñeza, con efectos retroactivos á data na que se producise o cumprimento. \_

### **ACCIÓNES FORMATIVAS:**

Por formación enténdese o conxunto de actividades que teñan como finalidade o mantemento e mellora da competencia profesional, coa finalidade de mellorar o servizo público, o desenvolvemento persoal do empregado/a público/a e, polo tanto, axuda na consecución dos obxectivos do Concello.

Haberá, por unha banda, accións formativas específicas que deberán estar relacionados coas funcións do posto que se desempeña ou as propias da súa promoción ou desenvolvemento profesional

E pola outra banda, accións formativas transversais a tódolos postos de traballo, de xeito que se recoñecen como méritos as formacións en materias relacionadas con procedemento administrativo, réxime local, ofimática/Tecnoloxía da información e comunicación, protección de datos, habilidades sociais/directivas/calidade nos servizos públicos, igualdade entre mulleres e homes, violencia de xénero, diversidade, lingua galega, lingua de signos, prevención de riscos laborais, primeiros auxilios, idiomas (acreditados mediante certificado oficial).

En caso de dúbida, estarase ao establecido pola Comisión de Seguimento.

Serán computables coma cursos de formación todos aqueles cursos, seminarios, congresos, xornadas ou similares convocados, organizados ou impartidos por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios profesionais ou Asociacións profesionais (cando non exista colexio profesional) e outras entidades cuxos cursos estivesen recoñecidos ou homologados por un organismo oficial.



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

*Todos os cursos ou xornadas de formación serán xustificadas mediante certificado acreditativo no que conste o número de horas e o programa formativo, sen todo o cal non serán válidos.*

*Non se terá como computable os estudos ou formación requirida para o posto de traballo pero si toda aquela que supoña incremento de cualificación.*

*As horas de formación serán acumulables entre cada un dos graos.*

*O Concello de MONFERO comprométese tanto a facilitar o acceso á formación dos/as empregados/as municipais como a potenciar a realización de actividades formativas dende a propia administración que permitan, ademais de mellorar a súa capacitación profesional, o acceso en igualdade de condicións de todo o persoal á carreira profesional.*

## **6.-PROCEDEMENTO:**

*A solicitude de recoñecemento de grao presentarase, polas persoas empregadas do Concello de MONFERO que reúnan os requisitos establecidos neste acordo, o último trimestre de cada ano anterior ao que se teña previsto cumprir os anos necesarios dende o recoñecemento do grao anterior previa convocatoria aprobada polo órgano competente, na que se establecerá a data de inicio e fin do prazo de presentación.*

*A convocatoria por parte do órgano competente será obrigatoria, periódica e non dilatoria, e notificarase a todo o persoal a través do correo corporativo. As convocatorias ordinarias realizarase no primeiro semestre de cada ano.*

*Os requisitos para acceder ao grao solicitado deberán acreditarse dentro do prazo indicado.*

*Na Sede Electrónica do Concello de MONFERO, no apartado de Recursos Humanos, habilitarase o enlace necesario para presentar a solicitude e achegar a documentación acreditativa das horas de formación.*

*Comprobado pola Comisión de valoración que se reúnen os requisitos para a adquisición do grao, ditarase, por parte da Alcaldía ou órgano no que delegue, resolución administrativa a tal efecto, no prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.*

*No caso de que unha avaliación sexa finalmente negativa, mesmo tras a reclamación ou recurso que procedese, a persoa afectada poderá presentar unha nova solicitude na seguinte convocatoria aberta para o efecto.*

*O recoñecemento da progresión nos GCP implicará variacións retributivas pero non cambios xerárquicos nin funcionais. Na práctica o persoal municipal continuará desempeñando as súas funcións na mesma unidade ou departamento ao que estaba adscrito.*

### **6.1.- Progresión na carreira profesional**

*O acceso a un grao de carreira profesional (GCP) superior requirirá do cumprimento dos seguintes requisitos:*

- O período de permanencia no grao inmediatamente inferior.*
- Obtención dunha avaliación positiva.*
- Acreditar a formación establecida para cada GCP.*
- Non ter sanción administrativa grave ou moi grave.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

### **6.2. Incapacidade temporal:**

*O empregado ou empregada en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns ou profesionais terá dereito ao cómputo do tempo en devandita situación, a efectos de carreira profesional horizontal*

### **6.3.- Sanción disciplinaria a efectos de progresión nos GCP**

*Non se procederá ao recoñecemento de graos na situación de suspensión de funcións declarada como consecuencia da tramitación dun procedemento xudicial ou expediente disciplinario.*

*No recoñecemento de progresión na carreira profesionais as sancións disciplinarias leves non serán impedimento para a progresión de grao.*

*Pola contra, cando exista sanción grave ou moi grave o tempo de suspensión de funcións suporá a paralización do cómputo no GCP que corresponda polo mesmo tempo que a sanción disciplinaria. Só se procederá neste último caso cando a sanción sexa firme.*

### **7.- COMISIÓN DE VALORACIÓN E SEGUIMIENTO**

*Constituirase unha comisión para realizar o seguimento das medidas que se adopten na súa aplicación e resolver as cuestións que xurdan na interpretación e execución ao acordado.*

*A composición estará formada por unha ou un representante de cada un dos sindicatos que conformen a Mesa Xeral de Negociación, polo/a Alcalde/sa, ou persoa en que delegue, e por unha persoa responsable do Negociado de Recursos Humanos ou Persoal.*

*As funcións deste órgano serán:*

- Interpretar a totalidade dos artigos e cláusulas deste Regulamento.*
- Vixiar o cumprimento do pactado e denunciar, no seu caso, os incumprimentos.*
- Estudar, propor e, cando proceda, resolver aquelas cuestións presentadas polas partes.*
- Actualizar o contido deste Regulamento para adaptalo á normativa vixente.*
- Garantir a igualdade de trato entre todas as traballadoras e traballadores do Concello, independentemente da relación laboral que os/as vincule ao Concello.*
- Avaliar/Valorar as solicitudes de recoñecemento de grao presentadas no prazo establecido comprobando que se reúnan os requisitos para a adquisición do grao.*

*Para exercer as labores de control e seguimento, a Comisión reunirse con carácter ordinario semestralmente e, de xeito extraordinario, cando o solicite polo menos o 50% de cada unha das partes.*

*A Comisión poderá utilizar os servizos ocasionais ou permanentes de asesores, con voz pero sen voto.*

*A Comisión paritaria contará cun/cunha secretario/a, que será un membro da mesa designado polo Concello.*

*As convocatorias das sesións as realizará o/a secretario/a, co visto e prace dos solicitantes, mediante citación por escrito na que conste, lugar data e hora, así como a orde do día. A convocatoria enviaráselle ás partes cunha antelación mínima de cinco días hábiles, respecto da data prevista de celebración, no caso de sesións ordinarias, e dous días naturais para o caso de sesións extraordinarias.*

*Para que as sesións da Comisión poidan celebrarse será precisa a asistencia de, polo menos, o 51% dos seus membros, incluído o/a secretario/a.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

*Os acordos deberán adoptarse por maioría de cada unha das dúas representacións, sendo de carácter obrigatorio e vinculantes para ambas partes.*

*De cada xuntanza e ao seu remate, o/a secretario/a redactará a correspondente acta na que haberá de constar o lugar, data e hora de comezo e remate da reunión, nomes e apelidos dos/das presentes, os asuntos tratados, os acordos adoptados cun resumo das opinións emitidas e a expresión dos votos. A correspondente acta así redactada pasarase inmediatamente á aprobación e sinatura de todos os asistentes.*

*As actas das sesións archivaranse nun rexistro que custodiará a secretaría, baixo a súa responsabilidade, tendo que expedir as certificacións oportunas dos acordos que as referidas actas conteñan, cando así se reclame por parte lexitimamente interesada.*

*As comunicacións oficiais verificaranse sempre directamente e por escrito, sen que poidan admitirse traslados e reproducións a través doutras instancias.*

*O Concello colaborará coa Comisión, e facilitará toda a axuda e información que se lle requira en relación coa materia do acordo, en cumprimento do pactado neste Regulamento.*

## **8.- RECOÑECEMENTO DOS GRAOS DE CARREIRA PROFESIONAL ACADADOS NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

*Para a homologación das categorías persoais, grados ou niveis da carreira horizontal que puidesen ter recoñecidos os empregados e empregadas procedentes doutras AAPP, que mediante os procedementos de mobilidade interadministrativa fosen nomeados/as para o desempeño de postos o Concello de MONFERO, estarase ao disposto nos convenios de referencia ou outros instrumentos de colaboración que poidan ser subscritos, de acordo co principio de reciprocidade, e en todo caso previa solicitude do/a empregado/a con acreditación do nivel alcanzado na administración de procedencia.*

*A solicitude de homologación presentarse ante o Rexistro Xeral dirixida ao negociado de RRHH e achegando a documentación que proceda. Se a solicitude de recoñecemento se efectúa durante os tres meses do acceso ao Concello de MONFERO, os efectos administrativos e económicos do recoñecemento, no seu caso, se retrotraerán á data de ingreso neste Concello.*

*Polo contrario se a solicitude se presentara en calquera data posterior á indicada, os efectos administrativos e económicos produciranse dende a data da solicitude. O/a empregado/a que ingrese dende outra Administración deberá acreditar o grao de carreira horizontal alcanzado na Administración de orixe.*

*No caso de non existir carreira profesional na súa Administración de orixe computaráselle os anos de servizo e méritos logrados na mesma, procedendo a solicitar informe sobre posibles expedientes sancionadores, que poidan influír na avaliación para o encadramento e adquisición de grao.*

*No caso de existir, avaliarase segundo a información aportada*

## **9.- INCIDENCIA DA PROMOCIÓN INTERNA NA CARREIRA PROFESIONAL**

*O persoal que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos anteriormente nos grupos, corpos, escalas ou especialidades acadados ao longo da súa carreira administrativa. Así mesmo, recibirá o mesmo tratamento que o persoal deste corpo, escala ou especialidade para os efectos de acceso e progresión da carreira profesional.*

## **10.- COMPLEMENTO DE CARREIRA**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A carreira profesional será retribuída mediante o “complemento de carreira profesional horizontal”, cuxa contía en computo anual será a seguinte:

GRUPO		GRADO I	GRADO II	GRADO III	GRADO IV
Laborais	Funcionarios	(Inicial)			
I	A1	1.500 €/anual	1.500 €/anual	1.500 €/anual	1.500 €/anual
II	A2	1.500 €/anual	1.500 €/anual	1.500 €/anual	1.500 €/anual
III	B / C1	1.500 €/anual	1.500 €/anual	1.500 €/anual	1.500 €/anual
IV	C2	1.750 €/anual	1.500 €/anual	1.750 €/anual	1.500 €/anual
V	AP	2.000 €/anual	1.500 €/anual	2.000 €/anual	1.500 €/anual

Este complemento será consolidable e compatible co resto das retribucións, tanto básicas como complementarias, e se abonará en 14 pagas. As cantidades abonaranse xunto coa nómina mensual e coas extras de xuño e decembro.

Estas cantidades serán actualizadas anualmente coa porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e do persoal so servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 11.- RÉXIME TRANSITORIO DE APLICACIÓN

Acórdase entre as partes un sistema transitorio de aplicación dos grados que entrará en vigor o 01/01/2026.

O pagamento do complemento de carreira recoñecido e derivado do presente réxime transitorio e excepcional, producirase como a continuación se detalla:

ANUALIDADE	PORCENTAXE A PERCIBIR	
2026	GRUPOS I, II e III, IV e V (Laborais) GRUPOS A1, A2, B, C1, C2 e AP (Funcionarios)	40 %
2027	GRUPOS I, II e III, IV e V (Laborais) GRUPOS A1, A2, B, C1, C2 e AP (Funcionarios)	60%
2028	GRUPOS I, II e III, IV e V (Laborais) GRUPOS A1, A2, B, C1, C2 e AP (Funcionarios)	85%
2029 e posteriores	GRUPOS I, II e III, IV e V (Laborais) GRUPOS A1, A2, B, C1, C2 e AP (Funcionarios)	100%

A aqueles/as empregados/as aos que se acorde o recoñecemento de grao se lles abonará o importe correspondente ás mensualidades devengadas e non cobradas ata a data da resolución.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

*En recoñecemento aos servizos prestados no Concello de Monfero, aqueles traballadores/as que comuniquen que, nos 2 primeiros anos de aplicación deste sistema transitorio (2026-2027) van pasar a situación de xubilación, terán dereito ao pagamento do 100 % do complemento de carreira profesional no grao en que estean encadrados, tendo en conta o número de anos de servizo activo.*

### **12. SISTEMA EXTRAORDINARIO DE RECOÑECIMENTO NA CARREIRA ADMINISTRATIVA**

*O sistema extraordinario ten por finalidade adiantar os tempos para o acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, de xeito que lle permita ao persoal cunha maior antigüidade acceder anticipadamente aos distintos graos. De non ser así, recibirían o mesmo tratamento que o persoal de novo ingreso.*

*No prazo máximo dos 15 días hábiles posteriores á publicación deste acordo tramitarase unha convocatoria de acceso extraordinario aos distintos graos de progresión no sistema transitorio da carreira administrativa.*

*Poderá participar neste réxime extraordinario o persoal do Concello de Monfero que cumpra os seguintes requisitos:*

- a) Estar incluído no ámbito de aplicación definido na base 4.*
- b) Estar en situación de servizo activo no Concello da Monfero ou servizos especiais desempeñando un posto de traballo ou cargo no Concello da Monfero, ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza no prazo de presentación de solicitudes establecido na correspondente convocatoria.*
- c) Ter a condición de persoal funcionario ou laboral deste Concello a 31/12/2025.*
- d) Presentar a solicitude de recoñecemento de grao, de ser posible por medios electrónicos, de acordo co establecido en cada convocatoria.*
- e) Obter unha valoración/avaliación favorable .*
- f) Cumprir os seguintes requisitos de permanencia desde a toma de posesión no Concello de Monfero na mesma escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional no que se solicita o recoñecemento de grao:*
  - Para o acceso ao grao inicial e grao I: 3 anos de antigüidade a 31/12/2025.*
  - Para o acceso ao grao II: 8 anos de antigüidade a 31/12/2025.*
  - Para o acceso ao grao III: 13 anos de antigüidade a 31/12/2025.*
  - Para o acceso ao grao IV: 18 anos de antigüidade a 31/12/2025.*

*Para os efectos de completar o período de permanencia en cada grao, computarase o tempo transcorrido na situación de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza na mesma escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional.*

*O desempeño de postos de traballo con xornadas de traballo inferiores á ordinaria, non afectará ao cómputo do tempo de servizos prestados, sen prexuízo da redución do complemento que lles corresponda na porcentaxe de redución de xornada.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

*Os méritos sinalados no punto anterior acreditaranse na forma establecida na correspondente convocatoria.*

*No suposto de que se cumpran os requisitos para o recoñecemento de graos retribuídos en distintos grupos/subgrupos de clasificación profesional, percibirase o complemento de carreira correspondente a todos os graos solicitados e recoñecidos, ata o límite de catro graos, que serán os de maior contía.*

*No caso de que o persoal prestase servizos en distintos grupos ou subgrupos de clasificación profesional no Concello da Monfero, o tempo de servizos prestados non computado para o recoñecemento dun grao nun grupo/subgrupo poderá ser utilizado para os efectos do recoñecemento do grao que corresponda no outro grupo/subgrupo de clasificación profesional.*

*O procedemento para a solicitude de recoñecemento dos seguintes graos do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa de carácter extraordinario establecerase en cada convocatoria. Este procedemento tramitarase por medios electrónicos.*

### **13.-OUTRAS CLÁUSULAS**

*Con este acordo asinado entre o Concello de MONFERO, representado polo/a Alcalde/sa e os membros das dúas organizacións sindicais con representación na Mesa Xeral de Negociación (CIG e UXT) régulanse as bases da carreira profesional.*

*O Concello de Monfero ditará as disposicións necesarias para a súa aprobación e entrada en vigor”*

**SEGUNDO.-** Acordar a publicación do acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios deste Concello, no portal web municipal, ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial, os cidadáns poidan presentar as reclamacións e/ou suxerencias que consideren oportunas (art. 49 LRBRL).

**TERCEIRO.-** As reclamacións e suxestións presentadas, no seu caso, serán elevadas ao Pleno coa proposta de estimación ou desestimación que proceda e de aprobación definitiva do Regulamento transcrito nos termos propostos.

**CUARTO.-** En caso de non presentarse reclamacións nin suxerencias, entenderase aprobado definitivamente o Regulamento, a cuxo efecto pola Alcaldía ordenaranse os trámites necesarios para a conclusión do procedemento e a súa entrada en vigor.

**QUINTO.-** Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación inicial elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro do Regulamento, publíquese no Boletín Oficial da Provincia da Coruña aos efectos de xeral coñecemento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

**SEXTO.-** Que o acordo e o texto do Regulamento comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Monfero, 14 de abril de 2026

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Deseguido pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía transcrita é aprobada por **UNANIMIDADE** polo Pleno da Corporación e, polo tanto, quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

## 11.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE MARZO DE 2026

O Sr. Alcalde pregunta se o teñen todos. Non se producen intervencións.

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de xaneiro que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria transcríbese literalmente deseguido:

### EXTRACTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA MES DE MARZO DE 2026

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00078/2026	XUSTIFICACIÓN GASTOS SSC 2025 (FOPPSS/2025) POS+Adicional 1/2025 GSE 2025	2026-03-02 10:44:00
00079/2026	PERMISO PARA CONCORRER A PROBAS SELECTIVAS	2026-03-02 10:45:00
00080/2026	ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. MODALIDADE DEPENDENCIA	2026-03-02 12:30:00
00081/2026	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS 02/2026	2026-03-02 12:31:00
00082/2026	SOLICITUDE SUBVENCIÓN XUNTA RURAL ACTIVO 2026	2026-03-03 13:20:00
00083/2026	LIQUIDACIÓN CONSORCIO INCENDIOS	2026-03-04 22:13:00
00084/2026	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2026	2026-03-05 10:18:00
00085/2026	SOLICITUDE SUBV EFICIENCIA NA XESTIÓN DE RESIDUOS (PUNTO LIMPO MÓBIL)	2026-03-05 10:26:00
00086/2026	SUBVENCIÓNS XUNTA.- ACTUACIÓNS EN CAMIÑOS RURAIS 2026-2027	2026-03-05 10:24:00
00087/2026	17ª ACTUALIZACIÓN LISTA AGARDA SAF LC E ALTAS SERVIZO LC	2026-03-05 10:21:00
00088/2026	SOLICITUDE SUBVENCIÓN FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL NON COMPETITIVA 2026	2026-03-05 10:47:00
00089/2026	RELACIÓN FACTURAS 009DOK/2026	2026-03-05 13:11:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00090/2026	LEVANTAMENTO REPAROS RELACIÓN FACTURAS 008XRRSU/2026 CON AD	2026-03-05 13:11:00
00091/2026	LEVANTAMENTO REPAROS RELACIÓN FACTURAS 006XRRSE/2026 CON AD	2026-03-05 13:12:00
00092/2026	LEVANTAMENTO REPAROS RELACIÓN FACTURAS 004XRRSE/2026	2026-03-05 13:12:00
00093/2026	SOLICITUDE ANTICIPO EMPREGADO PÚBLICO	2026-03-05 15:07:00
00094/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-03-10 10:55:00
00095/2026	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL	2026-03-10 10:58:00
00096/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA 11-03-2026 (6/2026)	2026-03-10 12:23:00
00097/2026	CONVOCATORIA COMISIÓN VALORACION AXUDAS AO ESTUDO 2026	2026-03-10 12:56:00
00098/2026	CONCESIÓN DE TARXETA DE ARMAS TIPO A	2026-03-10 23:39:00
00099/2026	Tramitación de Subvencións: AXUDAS ACTUACIÓN PARQUES NATURAIS (LIÑA 2)	2026-03-11 15:06:00
00100/2026	SOLICITUDE PROGRAMA CORRESPONSABLES MAÑANCEIROS 2026	2026-03-11 15:25:00
00101/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-03-16 12:17:00
00102/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-03-16 12:18:00
00103/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-03-16 12:18:00
00104/2026	MARCOS ORZAMENTARIOS 2027-2029	2026-03-16 12:18:00
00105/2026	1ª ACTUALIZACIÓN LISTA AGARDA SERVIZO PRÉSTAMO AXUDAS TÉCNICAS APOIO MOBILIDADE	2026-03-16 12:20:00
00106/2026	L, REPAROS RELACIÓN FACTURAS 010XREC2SU/2026- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL 2/2026	2026-03-16 15:49:00
00107/2026	L, REPAROS RELACIÓN FACTURAS 011XREC3SE/2026- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL 3/2026	2026-03-16 15:49:00
00108/2026	RELACIÓN FACTURAS 012DOISE/2026	2026-03-16 15:49:00
00109/2026	RELACIÓN FACTURAS 013DRRSE/2026	2026-03-16 15:41:00
00110/2026	RELACIÓN FACTURAS 014DRRSU/2025 CON AD	2026-03-16 15:41:00
00111/2026	RELACIÓN FACTURAS 015DRRSU/2026	2026-03-16 15:41:00
00112/2026	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 20-03-2026	2026-03-16 15:53:00
00113/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA 18-03-2026 (07/2026)	2026-03-17 14:47:00
00114/2026	Tramitación Convenios de outros organismos- REDE CULTURAL 2026	2026-03-20 12:22:00
00115/2026	RELACIÓN FACTURAS 016DOISUFE/2026	2026-03-24 11:29:00
00116/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA 25-03-2026 (8/2026)	2026-03-24 12:24:00
00117/2026	CIFRA POBOACIÓN 01/01/2026	2026-03-24 16:30:00
00118/2026	BAIXA PERSOAL FIXO DESCONTINUO TÉCNICO TURISMO POR ESGOTAMENTO IT	2026-03-25 14:42:00
00119/2026	MODIFICACIÓN AC, SOLICITUDE SUBVENCIÓN FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL N/C 2026	2026-03-25 14:42:00
00120/2026	CONTRATAÇÃO TÉCNICO DE TURISMO SUBSTITUCIÓN 2026	2026-03-27 12:52:00
00121/2026	NÓMINA 03/2026	2026-03-27 13:38:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00122/2026	RELACIÓN FACTURAS 018DRRSU/2026	2026-03-27 14:15:00
00123/2026	RELACIÓN DE FACTURAS 019DOK/2026	2026-03-27 14:15:00
00124/2026	RELACIÓN FACTURAS 021DRRSE/2026	2026-03-27 14:15:00
00125/2026	RELACIÓN FACTURAS 020DRRSE/2026 CON AD	2026-03-27 14:16:00
00126/2026	RELACIÓN FACTURAS 023DOISE/2026	2026-03-27 14:35:00
00127/2026	SOLICITUDE PLAN CONCERTADO 2026	2026-03-30 15:24:00
00128/2026	CONVENIO DESENVOLVEMENTO ADMINISTRACIÓN DIXITAL	2026-03-30 15:24:00
00129/2026	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS 03/2026	2026-03-31 13:06:00
00130/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 01-04-2026 (09/2026)	2026-03-31 13:47:00

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

## 12.- ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que se produciu un asuntos urxente, que se lles remitiu a documentación aos grupos políticos e supón que a lerian, que trata da solicitude de baixa do Concello de Monfero da Asociación Euroeume e procede a explicar o contido da proposta, que se transcribe literalmente deseguido:

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Solicitude de baixa como socio da Asociación Euroeume

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Visto que o Consello de Alcaldes da Asociación Euroeume, na súa reunión celebrada o día 14 de marzo de 2026 no Concello da Capela, acordou por unanimidade propoñer aos concellos da comarca a solicitude de baixa como socios da devandita asociación.

Considerando que:

- A Asemblea Xeral Ordinaria de Euroeume, celebrada o 24 de maio de 2024, acordou solicitar a súa incorporación á Confederación de Centros de Desenvolvemento Rural (COCEDER), co obxectivo de acceder a novas vías de financiamento e proxectos.
- Desde COCEDER comunicouse que, malia cumprir cos requisitos de actividade e documentación, a incorporación non é posible mentres formen parte da asociación administracións públicas, como é o caso dos concellos da comarca.
- Na actualidade, Euroeume xa non xestiona programas de desenvolvemento rural que xustificaban a presenza dos concellos, e existe ademais a Asociación de Concellos da Comarca do Eume para a promoción do turismo e desenvolvemento territorial, o que fai redundante a participación municipal en Euroeume.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

- Para formalizar a baixa como socio, é necesario acordo expreso do Pleno da Corporación Municipal.

## PROPOSTA DE ACORDO

Por todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Solicitar formalmente a baixa do Concello como socio da Asociación Euroeume.

SEGUNDO. Comunicar este acordo á Asociación Euroeume para os efectos oportunos.

TERCEIRO. Tomar coñecemento de que, unha vez tramitada a baixa non se solicitará aportación económica municipal para o exercicio 2026 e quedarán sen efecto os acordos de aportación municipal vixentes desde o ano 2016.

CUARTO. Manifestar a vontade do Concello de manter a coordinación e colaboración coa Asociación Euroeume no desenvolvemento de programas relacionados cos servizos sociais.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Intervén D. Manuel García Deive, o Sr. Concelleiro do BNG indicando se pode facer unha pregunta, o Sr. Alcalde en funcións responde que si, o Sr. Concelleiro pregunta cando se enviou a documentación, o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que onte, ao cal D. Manuel García Deive indica que a el non lle chegou, interven D. <sup>a</sup> María Belén Salido Maroño indicando que a ela tampouco lle chegou, que o seu grupo non recibiu nada. O Sr. Alcalde preguntalles se non lles chegou hoxe tampouco, ao que D. Manuel García Deive indica que non. a Sra. Concelleira do PP responde que a ela o único que lle chegou hoxe foi o que pedira onte, e a documentación relacionada co Pleno, o Sr. Alcalde en funcións comenta que el a orde que a deu, que se queren que lles da unha copia agora do escrito de Euroeume e faiselles entrega da mesma. A Sra. Concelleira do PP indica que a explicación que deu o Sr. Alcalde en funcións que lles parece correcta e que van estar de acordo en que se proceda a baixa.

O Sr. Alcalde anuncia que vai someter a urxencia da proposta a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a urxencia da proposta da Alcaldía e aprobada por **UNANIMIDADE**.

Deseguido o Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía transcrita é aprobada por **UNANIMIDADE** polo Pleno da Corporación e, polo tanto, quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

### 13.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

D.<sup>a</sup> María Belén Salido Maroño indica que o seu grupo trae varias cousas hoxe ao Pleno, e comeza que a primeira cousa é un rogo ao goberno, porque nunha das publicacións feita estas días na páxina do Facebook do Concello, aparece un tipo de slogan consistente en “Mellorando Monfero”, que entende que as institucións deben estar libres de todo lema e de todas estas cousas, porque as redes sociais do Concello deben de estar para informar á veciñanza e non para facer ningún tipo de campaña e publicidade ao respecto, e que o rogo que lle queren trasladar ao goberno é que nas vindeiras publicacións se evite poñer ese tipo de *hashtag*, que para algo teñen os grupos privados e os grupos dos partidos, para facer todo tipo de campaña que se queira.

Continua a Sra. Concelleira do PP, indicando que dado que xa faloron en anteriores Plenos do Convenio contra incendios, o Sr. Alcalde preguntalle se é un rogo ou unha pregunta, a Sra. Concelleira respóndelle que é unha pregunta pero ao mesmo tempo poder ser un rogo tamén, continua a Sra. Concelleira comentando que esta semana ela estivo reunida coa Consellería de Medio Rural, na que tiña moitas cousas que trasladar que lle comenta a veciñanza, e que tiveron unha reunión con eles para trasladar estas cousas.

Interesouse tamén polo convenio contra incendios, e a Directora Xeral lle dicía que SEAGA axudaba a enviar as cartas, sempre cando esas cartas estiveran asinadas polo Alcalde, entón xa non é desculpa que non hai traballadores suficientes no concello para enviar as cartas, e dicir, xa temos aí a SEAGA que facilita ese traballo. Entón si lles gustaría que se fixese ese envío de cartas aos veciños, antes de que houbera ningún tipo de sanción, porque evidentemente o 31 de maio acabase o prazo para levar a cabo esas labores. Se ao final pasa algo quen vai a pagar a sanción son os veciños, entón cree que por seguridade, o Concello debería de actuar.

D.<sup>a</sup> María Belén Salido Maroño indica agora que teñen unha pregunta con respecto a isto, porque o Concello de Monfero non ten ningunha parroquia prioritaria, entón queren saber por que non se solicitou ningunha parroquia prioritaria no concello cando si temos algunha parroquia que podería entrar debido as características para ser unha parroquia prioritaria.

Ai que reunir unha serie de condicións, algunha temos que entre e queren saber por que non se pediu, e ata aquí o tema convenio contra incendios.

A Sra. Concelleira prosegue comentando que tamén fai un mes o así, facían como unha pequena enquisa para saber as familias que estarían interesadas no programa de mañanceiros, entón queremos saber cantas familias habería a día de hoxe interesadas nese programa para o vindeiro curso escolar. Teñen outra pregunta o mesmo tempo, ao seu grupo chega a información de que



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

vai a cerrar a Casa Niño do Xestal, queren saber que tan pensado facer, se isto é realmente así, o cal creen que si, porque lles chegou por varias vías, entón queren saber que tan pensado facer o Concello o respecto, para que estas familias non queden tiradas e poidan conciliar.

D.<sup>a</sup> María Belén Salido Maroño indica que teñen un rogo acerca da escola do Xestal, non sabe se viron como está, se viron o teito que caeu estes días, que ela ten aquí unhas fotos se queren que lle las pasa e ven como está non, que eles xa fai tempo que levan pedindo ao goberno que se amaíe pero non sabe se é que non lles interesa, ou non sei que é o que pasa acerca deste tema porque a escola segue peor que nunca, o estado é lamentable alí, xa o dixeron por activa e por pasiva, que oxalá se equivoquen, e non pase nada, pero que aquilo o ferro está nunhas condicións pésimas, alí calquera día hai unha desgracia, que oxalá que non, pero tal e como está a situación... de feito lle comentaban que para o mes de maio alí está programado un curso, e cree que ese local, o local dos cazadores incluso os cazadores cree que sería convinte que non entrase ninguén, por medo que lle caia o teito encima, intervén o Sr. Concelleiro do PP D. José Tojeiro Mosquera indicando que se chegan a estar alí..., continua a Sra. Concelleira, xa que ca caída que tivo este anaco de teito se pesca a alguén alí o mata, que isto é algo moi serio e eles levan tempo pedindo que se amaíe a escola, os veciños levan moitísimo tempo pelexando para que o goberno faga algo pola escola, que evidentemente non ocorra unha desgracia, pero a día de hoxe a escola está cada día peor, non saben onde vai acabar todo isto pero eles piden ao goberno que por favor, que se poñan mans á obra e se busque unha solución, e se non pode ser unha solución para mañá, si que se avise a xente para que non entre alí, por risco a que aquilo caia, e alí hai unha familia vivindo tamén, e eles son os responsables en caso de que alí pase algo.

Continua indicando que outra cousa que quería comentar, é que, pediron unha copia do anteproxecto de mellora de eficiencia enerxética, que foi metida no Fondo de Compensación Ambiental e non se lles achegou esta copia, pedíronse máis cousas e llo mandaron esta copia non a remitiron, que falou co Concello pola mañá e non volveu a saber nada máis, que conste en acta que non se lles achegou a copia deste proxecto.

Continua indicando que tamén levan 4 meses esperando a que se lles convoque para a comisión de obras que está aprobada en Pleno, que este grupo aprobou unha moción pero os acordos plenarios parece que neste concello non se levan a cabo, entón, esperan que se lles convoque dunha vez, porque cree que hai que dar transparencia a todas as obras que se fagan no Concello, e a veciñanza tamén quere ver esa transparencia, quere ver que as obras se están facendo como realmente deben de facerse.

Prosegue que outra cousa que quería comentar é que, no último Pleno este grupo tiña unha pregunta para contestar o Alcalde en funcións no Pleno, pero decidiu facelo por escrito, non sabe, debeu liarse un pouco porque lles dixó que mandara a contestación unha hora antes do Pleno, e a contestación chegoulles 15 minutos antes do Pleno, era imposible que o soubesen, porque xa



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

estaban de camiño, igual se liou un pouco co tempo, non saben, pero o grupo está bastante sorprendido de como actúa o Alcalde en funcións, porque non saben con que intención, lles gustaría sabelo, con que intención se manda un correo a Génova desde o Concello, un correo a Génova ca resposta que lles deu por escrito, esa resposta se mandou a sede do Partido Popular a Madrid, xa non lle vale a rexional nin a provincial, que a enviou a Madrid a través do correo do Concello, e lles gustaría saber con que intención se fixou eso, porque sinceramente as cousas de partidos ela cree que non as hai... o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que iso foi un erro, que el non mandou que se enviase nada aló, que se foi, foi un erro, que el non ten constancia de nada diso, que tivo que ser un erro, A Sra. Concelleira do Partido Popular dille que a ela lle trasladan o correo desde Génova e que a eles lles sorprendeu e que este correo chegou a Génova e levaba a resposta porque a ela dinlle que teñen un correo para mandarlle, o Sr. Alcalde en funcións preguntalle que correo é, se é [correo@monfero.es](mailto:correo@monfero.es), ou poñía Administración Xeral, D.<sup>a</sup> María Belén Salido responde que a dirección non a viu que era unha dirección do Concello, o Sr. Alcalde en funcións indica que iso foi un erro do funcionariado, que iso non ten sentido, que el non mandou nada, a Sra. Salido dille que están aí os seus compañeiros para dicilo, que ese correo chegou a Génova, que de Génova a ela lle din que hai un correo que chegou do Concello de Monfero, e cando llo reenvían preguntase que iso a que foi a Madrid, que a resposta que lles da o Alcalde en funcións, que a ela lle chegou polo *notifica* que chegue a Génova, O Sr. Alcalde preguntalle se se enviou o mesmo día á mesma hora, A Sra. Concelleira respóndelle que non, que iso se mandou hai poucos días, A Sra. Secretaria preguntalle se foi despois de celebrar o Pleno, ao cal responde que si, que despois de celebrar o Pleno, o Sr. Alcalde preguntalle se se enviaría ao seu correo con un correo de Madrid ou algo, A Sra. Concelleira dille que non, que a ela as cousas do correo lle chegan polo *notifica*, que non lle chegan nin ao seu propio correo, que a ela a avisan de Madrid que chegou ala un correo e cando ve que é o que contesta o Alcalde en funcións, que a súa cara é un poema, que a que chega iso a Génova, ou é que en Génova non hai cousas máis importantes que facer que enviarlle iso, A Sra. Secretaria indica que preguntaran a ver que puido suceder.

O Sr. Alcalde en funcións indica que el desde logo que no enviou nada, D.<sup>a</sup> María Belén Salido respóndelle que eles teñen que preguntar por que iso chega a Génova, o Sr. Alcalde dille que el nin deu orde nin o enviou do seu persoal nin nada, a Sra. Concelleira dille que máis dun correo do Concello, o Sr. Alcalde en funcións dille que o enviou un funcionario por erro, porque el non enviou nada, D.<sup>a</sup> María Belén indica que todo isto lle parece surrealista e que lles resultou bastante sorprendente, o Sr. Alcalde en funcións dille que a el tamén.

Pasa un anaco mentres a Sra. Concelleira busca no seu teléfono o correo, o Sr. Concelleiro do PP José Tojeiro Mosquera indica que foi o 9 de abril.

O Sr. Alcalde indica que pasa a contestar todas, que esta xa a vai contestando, preguntalle á Sra. Concelleira se tiña máis, ela respóndelle que non, que soamente iso.



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

O Sr. Alcalde continua indicando que en canto ao convenio de incendios, nas parroquias prioritarias, el cando foi á reunión, un técnico explicou que as parroquias prioritarias as podía establecer a Consellería de oficio, que en Ferrol lle dixeron iso cando foi a reunión, pola pregunta do Concello cree que da zona de Ortegá, que non era necesario, que a Xunta pode establecelas de oficio, porque hai zonas de alto índice de incendios.

D.<sup>a</sup> María Belén Salido Maroño pregunta se pode intervir, concédeselle a palabra e comenta que cando hai un alto nivel de risco de incendio, evidentemente a Xunta pode actuar de oficio, que no noso caso, non temos un nivel alto como pode haber nalgunha parroquia de Ourense, entón que a Xunta non vai a facer iso aquí, pero o que pode facer o Concello é solicitar que esa parroquia sexa prioritaria, e a parroquia de Queixeiro por exemplo pode ser prioritaria porque tivo dous incendios. O Sr. Alcalde dille que alí outros Concellos preguntaron e que a resposta foi esa, que aínda que o Concello non solicitase, que as zonas declaradas de alto risco de incendio podía establecer de oficio, que Monfero xa é alto risco de incendio, que as distancias das plantacións non son as mesmas aquí que noutro Concello, que nuns son 6 metros e noutros son de 4 porque é alto risco de incendios. A Sra. Concelleira do PP indica que a Xunta vai actuar de oficio naquelas parroquias onde sexa o nivel alto, pero despois ninguén mellor que o Alcalde do Concello que sabe que parroquias podían entrar neses casos e .que a ela o que lle trasladan é que do Concello de Monfero que non se solicitou ningunha, o Sr. Alcalde en funcións dille que a piden no distrito que non hai problema ningún.

Continua o Sr. Alcalde en funcións indicando que en canto ás familias interesadas no programa de mañanceiros, na enquisa saíron 47, que tamén é certo que moitos deses 47 polo que saben ao mellor non o solicitan, pero eles en principio van ofertar 40 prazas, despois van establecer un regulamento para facer unha puntuación e ir descartando posibles beneficiarios, que creen que con 40 prazas que vai estar máis que cuberto, porque a enquisa era aberta a todo o mundo, non só a nenos de Monfero, senon a nenos interesados en vir para o colexio. D.<sup>a</sup> María Belén Salido Maroño pregunta se paga soamente Monfero o mañanceiros, se é algo aberto a todos os Concellos, o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que a todos os Concellos non, que é aberto aos nenos que van ao colexio, a Sra. Concelleira dille que no Colexio hai nenos de Vilarmador, de Paderne, de Irixoa, de outros Concellos, o Sr. Alcalde en funcións indícalle que en principio vai ser financiado polo Concello de Monfero e esperan que a Xunta lles de a subvención tamén, que pediron unha axuda para financiar tamén, que esa é a idea.

O Sr. Alcalde en funcións prosegue en relación coa casa niño do Xestal indicando que si que é certo que vai a pechar, que a persoa que é responsable da gardaría, cando acabe o curso que chega ata agosto, deixa a casa niño porque quere buscar outro modo de vida, totalmente respectable, e deixa a casa niño, que faláron con ela todas as familias afectadas e máis desde o Concello, e o luns vai haber unha reunión da Xunta das dúas socias que había que son a da casa niño do Xestal e a da casa niño de Queixeiro, a ver que solucións da a Xunta, que eles faláron coa Xunta e en principio teñen boa vontade, non saben se se pode cambiar o beneficiario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

desa casa niño, sería seguir coa mesma denominación, casa niño raíces cambiar o beneficiario, ou incluso a creación dunha nova, por ese importe, que a ver que lles din o luns na Xunta, e a partir de aí, empezar a traballar niso, que estivo mirando e en Monfero hai dúas persoas interesadas en collela, o Concello pode intentar ceder algún local que estea en boas condicións para esa casa niño nova, porque a do Xestal, a Sra. Concelleira indica que está nunha casa privada, o Sr. Alcalde en funcións indica que a persoa que está vivindo alí non quere que a casa se adique a iso, e que están esperando a resposta que lles de a Xunta de Galicia o luns, a Sra. Concelleira pregunta quen vai a falar coa Xunta se o Concello o luns, o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que o Concello xa falou, que o luns van as dúas traballadoras da casa niño e máis os representantes dos pais. A Sra. Concelleira dille que a Xunta neste caso é a quen pon a financiación e a que acepta que se formen pero ao final quen ten que buscar unha solución é o Concello e non a Xunta, o Sr. Alcalde en funcións dille que o Concello non ten por qué que por quen está financiada e pola Xunta non polo Concello. D.<sup>a</sup> María Belén Salido indica que a Xunta é a que lle deu a súa financiación e a que lle deu permiso para abrir a casa niño, o Sr. Alcalde en funcións dille que aquí o problema é que había reserva de praza e agora esas familias quedan tiradas, a Sra. Concelleira dille que quedan tiradas porque esa rapaza se vai, que non é a culpa da Xunta, e culpa da rapaza que se vai, o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que el non está a dicir que sexa culpa da Xunta e que tampouco é culpa do Concello, que agora van buscar a solución a ver se a Xunta autoriza o cambio de beneficiario, D.<sup>a</sup> María Belén Salido indica que a Xunta pode autorizalo, que isto pasou en Vilarmador hai tres meses, que pasou o mesmo e as familias tamén quedaron tiradas, e ao final quen se tivo que mover foi o Concello, o Sr. Alcalde en funcións dille que eles tamén se están movendo, que o problema agora e se a Xunta autoriza o cambio de beneficiario ou deixa crear unha nova, porque en teoría dixeron que as convocatorias acabaran, a Sra. Concelleria dille que as convocatorias acabaron, que xa hai casa niño por toda Galicia e xa case todos os Concellos están cubertos e por iso este ano non abriron a convocatoria, o Sr. Alcalde en funcións indícalle que hai que esperar a ver que lles din o luns e a partir de aí empezaran a actuar.

Continua o Sr. Alcalde en funcións indicandolle que a copia da mellora de eficiencia enerxética non lla mandarían porque a funcionaria responsable diso non veu hoxe, a Sra. Concelleira dille que iso non é escusa, o Sr. Alcalde en funcións dille que el entendeu que lla mandaban, que é referente a mellora de iluminación, cambio de *leds* na parroquia de Taboada, que se vai cambiar toda a parroquia de Taboada a *led*, D.<sup>a</sup> María Belén Salido dille que si que lles gustaría recibir a copia o Sr. Alcalde respóndelle que sen problema.

Deseguido o Sr. Alcalde en funcións indica que con respecto á comisión de obras, vaise convocar e vaise crear, que saben que o retraso ven, unha porque tardaron en remitir os representantes por escrito, ao que a Sra. Concelleira do PP lle indica que iso é mentira, o Sr. Alcalde dille que os enviaron hai pouco, a Sra. Concelleira dille que os enviou cando os reclamaron, O Sr. Alcalde pregunta cando se aprobou a moción, o Sr. Concelleiro do PP D. José Tojeiro Mosquera responde



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

que fai 4 meses, o Sr. Alcalde dille que entregaron os representantes fai un mes ou dous, a Sra. Concelleira dille que presentaron os representantes cando o Concello lles enviou o papel para cubrir, o Sr. Alcalde indícalles que se poden que levanten a man, e continua que un foi por iso e outro polo cambio de Secretario, que é Baldomero e agora está Ana e a secretaria despois tivo que examinar ben a comisión que de feito hai cousas que teñen que aclarar e vai a chamala para aclarar cousas pero que evidentemente a vontade de creala que a hai, que se pode ser para o mes xa se crea para o mes. Intervén a Sra. Secretaria indicando que hai que definir ben o concepto e a forma de funcionamento por como está enfocada a moción.

Continua o Sr. Alcalde en funcións con respecto a escola do Xestal, que xa o chamaron onte tanto o representante dos cazadores como hoxe o representante da asociación, que xa falou cun arquitecto e máis cun albanel para facer un arranxo provisional antes de facer unha reforma integral porque hai que cambiar as dúas placas enteiras.

Deseguido o Sr. Alcalde indíca que en canto a publicación do *Facebook*, non considera que sexa un *slogan* político para nada, que outra cousa é que poña “un goberno mellor”... ou “bon goberno”... que é a súa opinión, a Sra. Concelleira dille que efectivamente e a súa opinión, o Sr. Alcalde dille que el pensa que hai moitos Concellos que o fan.

O Sr. Alcalde concédelle a palabra ao Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, o cal indica que non sabe se ten que facer aquí a pregunta ou en Ferraz, e se falou do da corta de saca de madeira co Partido Popular. O Sr. Alcalde respóndelle que non, que esta semana falou con el e para a semana falará co Partido Popular para que sexa o máis consensuada posible, que foi no se que se quedou na aprobación da moción. D. Manuel García Deive indica que evidentemente ten que ser o maior consensuada posible que se non, non pode ir adiante, intervén D.<sup>a</sup> María Belén Salido Maroño comentando que consensuada xa non foi desde o principio que a eles ninguén os chamou para preguntarlles o que pensaban nin o que querían poñer, o Sr. Alcalde en funcións dille que é un borrador, que se abriu consulta pública e a consulta pública é para iso. A Sra. Concelleira do PP pregunta se pode intervir, o Sr. Alcalde concédelle a palabra, e a Sra. Concelleira dille ao Sr. Alcalde en funcións que el mesmo lle preguntou no mes de setembro de que estaba traballando para a semana, que a iba chamar para quedar e falar diso e continuación de alí a 4 meses lle di, que para a semana ou mañá ou non sabe cando lle dixo que lle ía mandar a... o Sr. Alcalde dille que a enviou e que non lle contestou, a Sra. Concelleira dille que a enviou feita e que que lle vai a contestar cando lle envía un documento xa redactado, o Sr. Alcalde dille que era un borrador e que non lle contestou ela, a Sra. Concelleira dille que non e que nin lle volve a contestar porque a palabra non foi esa e non lle vai a contestar cando faga as cousas así, o Sr. Alcalde en funcións dille que daquela fixeron consulta pública e agora houbo consulta pública e houbo suxestións que era cando había que presentar, a Sra. Concelleira indica que o seu grupo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

---

presentou, o Sr. Alcalde en funcións dille que agora é cando se vai a redactar de xeito definitivo, que é un borrador e non a definitiva.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se producen máis intervencións e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezanove horas e corenta e sete minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria en réxime de acumulación, certifícoo.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos